

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Precisamos o Partido Nacional

O mérito do “Manifesto de Vidán”, asinado por persoas do prestixio e valía de Xavier Vence- antigo portavoz do BNG- Carme Adán, Ana Luísa Bouza, Ana Rúa, Ana Miranda, Alba Nogueira, os antigos alcaldes de Sada e Boiro Abel L. Soto e Xosé Deira, Xabier Toba ou o alcalde con maioría absoluta de Ribadeo, Fernando Suárez Barcia, está en diagnosticar a fin do ciclo do BNG, proclamar a necesidade dun novo partido galeguista de vocación maioritaria e distinguir este obxectivo a medio prazo do obxectivo a curto prazo de construír unha maioría alternativa a Feijóo.

Porén, non pode substraerse a unha certa-e quizais non consciente-pulsión de refundar o BNG para dirixir En Marea. Ou, dito doutro xeito, de facer nacer o Partido Nacional que Galicia precisa demasiado vencellado ao obxectivo estratéxico de lle dar o relevo ao PP en tres meses e demasiado dependente dun traballo de patchwork que nun 80 ou 90% recollería antigos afiliados ao BNG no 2011, no canto de sentar os alicerces deste Partido dende a base cidadá e dende o protagonismo de novos perfís, tamén entre profesionais, líderes sociais e xente nova.

Claro é que o coñecemento, a experiencia e o capital político do conxunto dos adherentes-canda os recentemente adheridos ao Foro Galego e tantas outras persoas adheridas ás distintas Mareas locais- será fulcral para posibilitar ese relevo nas eleccións nacionais galegas do outono. E para fornecer de cadros capaces a un futuro goberno de coalición que substitúa ao do PP. Porque nin para empoderar esta alternativa nin para mantela no vindeiro cuatrienio a cidadanía vai admitir o discurso das xeneralidades e dos lugares comúns, senón que esixirá moita e boa xestión transformadora.

De calquera xeito, a construción do Partido Nacional trascende ás eleccións do outono. Mais, se a substitución de Feijóo non se acada, este proceso vai re-

quirir dun reprimemento xeral e, moi probablemente, doutras orientacións, no horizonte das eleccións locais do 2019. Neste suposto-dende logo ben negativo- o obxectivo estratéxico a medio prazo non pode ficar arrombado. E a liña estratéxica adoptada por Compromiso (CXG) terá moito que dicir.

Construír o Partido Nacional requirirá de moita intelixencia, nos seus destilados de xenerosidade, paciencia, sentidiño e relegamento dos personalismos. E de se abrir ao País real, a esas ducias de milleiros de persoas que, sen ser nacionalistas, teñen a Galicia como referente.



A ineficacia do estado de excepción

Dende novembro do 2015 Francia vive nun estado de excepción que limita substancialmente as liberdades democráticas, nomeadamente permitindo que a Policía poida deter persoas sen orde xudicial. Pois ben, estas graves restricións á liberdade non evitaron o masacre de Niza, sinxelamente porque a prevención o que esixía era unha medida proporcionada e natural, que a policía local coruñesa implementa dende hai anos no San Xoán: que non accedesen vehículos non autorizados ao espazo público do paseo marítimo niceano onde mi-

lleiros de persoas celebraban a Festa Nacional francesa. Cumpría, dende a eficacia, esa caste de medidas e non as do estado de excepción da Administración Hollande-Valls.

A prevención do terrorismo islamita esixe de controis nas estacións do bus, dos camiños de ferro, nos aeroportos... de certas incomodidades na nosa vida cotián. Mais estas son restricións pensadas no beneficio cidadán, podemos viaxar libremente por mór desta caste de restricións. O que non achega nada á eficacia policial e si moito ao trunfo do ISIS son

restricións das liberdades coma as que rexen na Francia dende novembro, como as detencións policiais sen control xudicial.

O inimigo terrorista islamita perseque a derrota do noso-ás veces cativo e deficiente-réxime de liberdades. O seu obxectivo é asoballarnos polo medo e tentar que Europa resposte ao seu terrorismo con medidas propias de sociedades totalitarias... detencións sen orde xudicial, toques de queda que despoboen os nosos espazos públicos, deportación dos europeos de orixe musulmana, confusión do

Islam cos islamistas... Compre, pois, que termemos do medo e que pidamos máis e mellor prevención e eficacia policial sen restrición substancial da liberdade, alén das incomodidades dos controis e comprobacións.

A outra obrigada conclusión é a necesidade de prantexarmos a nivel europeo a coordinación da información das distintas e necesarias- Policías locais, territoriais e estatais, a xestión conxunta da intelixencia e contrainsurxencia e máis a creación das Forzas Armadas europeas. Porque só un único Exército europeo poderá garantir a nosa seguranza dun xeito militar e economicamente sostíbel, rachando dinámicas estatais moi custosas nos recursos e moi ineficaces nos resultados.

Novas de Troña

Por: Marqués de Troña

Un cordial saúdo e unha forte e sincera aperta a todas aquelas persoas que me transmitiron parabéns por esta iniciativa xornalística que agradezo publicamente á dirección do xornal galego, da Área Metropolitana de Vigo, NOVAS DE TURONIO. espero non defraudalos coa presente e vindeiras achegas.

Nestes tempos tempos calorosos que baixo a refrescarme nas ribeiras do Tea, noutros tempos limpo e caudaloso no que se podía beber directamente sen medos, os homes e mulleres da vila achéganse para contarme cousas. Agora toca, polo visto a Praza Maior. A praza que deu vida a esta vila de Ponteareas, antes un mercado real.

Informádesme dun atropelo do goberno local. Unha decisión política tomada con aleivosía e premeditación (se estiveramos nun xulgado sería constitutivo de delito): non permitir a entrada dos coches e toda sorte de vehículos á Praza Maior, pechando ao tráfico tamén as rúas Esperanza e Oriente.

Cóntame que convocaron unha reu-

nión para o día das Letras Galegas, pero o día anterior mandaran unha nota de prensa coas medidas que ían executar. Ao parecer saíulles o tiro pola culata. Os veciños opóñense frontalmente á medida. O goberno decidido a seguir adiante coa medida e os veciños afectados, sobre todo os comerciantes, comezan a organizarse na defensa dos seus intereses. Dinme que no propio día do Pleno de xuño, pola mañanciña, ben cedo, persoal municipal repartía octavillas por debaixo das portas dos locais comerciais, outras entregábanas en man e algunhas eran pegadas nos portais dos edificios e en fachadas para informar das medidas tomadas polo goberno, contradicindo, ao que parece, os propios sinais de tráfico existentes.

Parece que esta medida non amedrentou os veciños e comerciantes da zona. As oito da tarde chantáronse no propio Pleno con pancartas e decididos a intervir no mesmo para que non existira dúbida algunha sobre a súa postura sobre tan importante medida tomada polo goberno.

De aquí saíu, ao parecer, o compromiso do goberno de crear unha comisión de traballo para pactar unha serie de medidas para dinamizar e humanizar Ponteareas. Pero a día de hoxe, mediados de Santiago, os sinais non foron retirados, os axentes da orde seguen a pór multas, e a crispación dos veciños e comerciantes vai en aumento. Tanto goberno coma os veciños organizados non ceden das súas posicións.

Que pode pasar? Un choque de trens en plena canícula non é bo para ninguén.

Eu. Polos meus anos que, como o diabo, sabe máis por vello que por diabo, solicito paz e tranquilidade. Posiblemente esas mesmas medidas tomadas noutras vilas e cidades foran axeitadas. Aquí, na miña querida vila ponteareá, hai que ir con máis tento. Pactar cos afectados; buscar as mellores solucións menos traumáticas e tirarlle ferro á situación. Un goberno. Sexa do signo político que sexa, debe pensar dunha maneira global; pensar nos intereses de todos; escoitar, preguntar e logo decidir. Pola brava, aínda tendo im-

portantes razóns, pérdense polas formas.

Só me queda unha recomendación: os afectados que expoñan e defendan as súas posicións. Se non son escoitados axeitadamente a democracia facilítalles mecanismos para facer valer as súas opinións sobre este e sobre outros temas aos que teñan que enfrontarse; o goberno que se serene e non dea pasos en falso que logo resulta, cando menos vergoñento, ter que dar marcha atrás. Unha retirada a tempo, din, é unha vitoria.

Esperemos que o sangue non sexa unha riada que chegue á Praza Maior. Mellor resolver as cousas en harmonía entre todos; porque todos somos necesarios e ninguén é imprescindible. Aínda aqueles que pensan que nada bo se pode facer sen a súa intervención.

Saúde amigos e amigas do Val do Tea. Eu sigo aquí, cavilando no que pasa e non pasaba, para o que me queirades contar. Dareivos aqueles consellos que bordan a miña mochila histórica.

Aos políticos lembralles o dito clásico: “tempos fuxit”.

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Menuda Canicula !!

Por estas datas sempre faim calor, pero o de este verán é de traca. Os termómetros non baixan, o ar está sucio. Quen diría que isto ía ocorrer!! O ar das andurilñas e lavandeiras tamén está sucio!! E nós que presumiamos de vivir na aldea e que diante da falta de moitos serizos tiñamos, polo menos, unha atomsfera limpa, cristalina. Pois, si señor, tamén ata aquí chegou a civilización? Tamén ata aquí chegou todo o malo que se poida pedir e nada bo do que deberíamos disfrutar. Xa temos supermercados coma as grandes cidades; xa temos as rúas ateigadas de coches; non podemos disfrutar libremente das nosas prazas,...Por certo, se os gobernos tratan de peatonizalas os veciños que están acostumbrados a vivir sen restricións botanselle enriba. É normal, se vivimos nunha aldea grande, como pode ser Ponteareas; se vivimos nun espazo vital no que a sociedade civil non existe, practicamente, ..se toda a nosa existencia circula arredor da Casa do Concello, é comprensible que non aceptemos normas, prohibicións, restricións a esta nosa vida xa de por si simple e ordinaria.

Hoxe asistimos ao nomeamento da deputada Ana Pastor como Presidenta do Parlamento do Estado Español, das Cortes, vaia. Unha señora que estaba vendo e escoitando pola tele tal noticia dixo, así, tal como lle saía da alma "mira ti, de médica de Crecente a Presidenta do Parlamento!! Está visto que non se precisa vivir nos madriles para chegar alto..."

Efectivamente, non se precisa vivir en Madrid para ser médica en Crecente, só se precisa ser médica e logo será Crecente ou Salamanca o lugar no que cada quen demostre a súa valía. Se o PP a presentou para ese cargo e foi apoiada por Cidadáns (curioso apoio, porque ata non fai moito tempo, o seu Xefe Albertito Rivera aseguraba que con Rajoy non tería tratos e que ou había unha limpeza a fondo no PP ou con el que non contarán). Pobre rapaz!! Tan noviño e xa tivo que tragar as feles das miserias políticas!!

A esquerda non foi quen de chegar a acordos suficientes para sacar adiante un candidato. Os nacionalistas vascos e cataláns non se mollaron. Estes non son coma os galegos. Eles xogan as súas bazas, como dixo o representante de Esquerda Republicana, os cataláns son transparentes, din o que pensan e tratan de facer o que din. Outra cousa é que na mesa de xogo á que nin sempre están convidados, os gurús da política institucional os utilicen unhas veces para ir a por tabaco e outras para facerse os chulos e levalos ao xulgado. Sen embargo, aí os están; e veremos como seguramente conseguen Grupo Parlamenatario propio aínda que non cumbran, exactamente, os requisitos que a lei esixe. Negociarán cos seus poucos pero importantes votos e rematarán con voceiro independente no Parlamemto. No senado xa teñen representante na Mesa.

E os galegos que? Ben, nós somos máis pacíficos. Cremos nas avelaiañas

preñadas e resulta que o resultado do parte é ser comodíns dos novos políticos emerxentes. Boas palabras, cando necesitan o noso apoio, pero logo son exclavos do regulamento, cando lles interesa. O PP e ao PSOE non van aceptar que a confluencias de opcións políticas que conformaron UNIDOS PODEMOS, aínda que en Galicia foran substituídos por En Marea, teñan Grupo Parlamentar propio. Serían moitas voces a dar caña nas Cortes, como dixo algún deputado socialista, Serían demasiados partidos con opcións independentes a denunciar a política do PP e tamén, por que non dicilo,

a dos socialistas de ata fai pouco tempo.

Menos mal que nos queda as eleccións desta fin de ano,. As autonómicas galegas. É de esperar que aquí teñamos a suficiente forza; vaíamos xunguidos tirando do mesmo carro para limpar unha política de mentira; unha política de xestos; unha política que aínda levou a esta Terra Nosa a un atraso maior do que xa padecía.

Esperemos que unha marea, morea, de votos asulaguen todo o pasado e deixen limpa as praias destas nosas ribeiras, que son nosas.

Que así sexa.

MAITIRENA



FUCO PRADO



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.


Depósito legal: VG 40-2016

ELECCIÓN

0 26-X en Pontevedra: panorama das últimas Eleccións Xerais

por Sabela Rodríguez

Provincia de PONTEVEDRA



Os números queren dicir o que din e amosan unha realidade en forma de estatística que cada votante debe, a posteriori, asumir e reflexionar para poder emitir o seu veredicto sobre o acontecido na, ata o momento, última cita electoral á que fomos convocados os españois con dereito a voto. As negociacións, os pactos e o que estea acontecendo nestes momentos no que están lendo o artigo, queridas lectoras e lectores, non é obxectivo desta panorámica que trazamos a través das cifras da decisión de voto tomada pola cidadanía pontevedresa o pasado 26 de xuño.

A vitoria do Partido Popular en España ten o seu reflexo en Galicia onde as súas candidaturas sumaron a maioría dos votos da cidadanía acadando 12 deputados, dous máis ca nos anteriores comicios. En segundo lugar quedaron os socialistas con 6 deputados e, no terceiro, En Marea (coali-

ción de Podemos, Anova e En Marea), con cinco representantes no Congreso. Nin Ciudadanos cun 8,63% dos votos, nin o BNG-

Nós, co 2,89% dos sufraxios galegos conseguiron representación.

En Pontevedra, o mapa político queda

de maneira idéntica ao do 20 de decembro, aínda que mudan as porcentaxes de voto: o PP logra 3 escaños no Congreso (206.732 votos, 38,32%), En Marea 2 escaños (135.960, 25,18%) e o PSdeG-PSOE tamén 2 con 118.015 votos e un 21,87% dos sufraxios. Así as cousas, nada cambia pero cambia a tendencia que deixaran os comicios de decembro de 2015 porque os populares gañan parte do terreo perdido, En Marea perde forza e os socialistas acurtan distancias cos segundos. O tan comentado sorpasso que vaticinaban as enquisas cumpriuse en 27 dos 62 municipios pontevedreses, entre eles, Vigo, Pontevedra, Redondela, Vilagarcía ou Cangas. A maioría dos populares só quedou rachada na Illa de Arousa e en Fornelos de Montes co triunfo socialista mentres En Marea se impuxo en Cangas e O Grove, repetindo o resultado de hai seis meses nestes dous últimos casos. Pola contra, non repetiu apoios en Vigo ou Moaña onde si o fixera no 20D.

Por candidaturas

Partido Popular

Os populares gañaron con comodidade co respaldo do 38% dos electores pontevedreses e recuperando 8.000 dos case 100.000 votos que perderan no 20D.

Deputados electos no 26X pola provincia de Pontevedra



Ana Pastor - PP



Irene Garrido - PP



Pilar Rojo - PP



Alexandra Fernández - En Marea



Ángela Rodríguez Martínez - En Marea




María Dolores Galovart - PSdG



Guillermo Antonio Meijón - PSdG

Total Estado Español



En Marea
A coalición na que concorían Anova, Esquerda Unida, Podemos e outras onfluencias logra dous deputados, repetindo o resultado da cita electoral pero perdendo 25.000 votos, mentres os seus rivais se manteñen e mesmo melloran.

PSOE
Mantense como terceira forza na provincia e continúa tendo dous representantes no Congreso con 118.000 votos.

Ciudadanos
No cuarto lugar en apoio cidadá, non consegue escano para a súa candidata.

BNG
Sen representación parlamentaria acada 16.000 votos en Pontevedra.

Por Concellos
Vigo, o concello máis grande da provincia, tampouco foi alleo á vitoria popular, supoñendo un cambio importante respecto ao acontecido o 20 de decembro de 2015 cando En Marea acadara a maioría dos votos. Na repetición dos comicios perden 9.000 apoios quedando con 50.829, de maneira que o PP ascende ao primeiro posto gañando 3.000 votos e acadando 52.297 mentres o PSOE se mantén no terceiro lugar con 40.204 sufraxios. Ciudadanos consegue 15.912 e BNG-Nós 3.301.

En Pontevedra, o PP mellora respecto á cita electoral de decembro incrementado en 17.000 votos e o 37% total dos mesmos, case cinco puntos porcentuais por enriba dos anteriores. O BNG experimenta unha caída salientable na cidade que goberna Miguel Anxo Fernández Lores dende hai 17 anos recadando menos de 3.000 apoios. En Marea suma o 23,9% dos apoios mentres o PSOE logra o 22,34 e Ciudadanos queda cun 9,67% da porcentaxe de voto da cidade.

Redondela tamén lle deu a vitoria aos populares que conseguiron o 31,58% dos votos, pero saíra vitoriosa tamén unha posible coalición de esquerdas coa suma de En Marea (30,86%) e o



PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
PP	137	7.906.185	33,03 %
PSOE	85	5.424.709	22,66 %
UNIDOS PODEMOS	71	5.049.734	21,1 %
C's	32	3.123.769	13,05 %
ERC-CATSI	9	629.294	2,63 %
CDC	8	481.839	2,01 %
PNV	5	286.215	1,2 %
EH Bildu	2	184.092	0,77 %
CCa-PNC	1	78.080	0,33 %

PSOE (24,98%).
Vilagarcía, confirma a vitoria do PP que consegue un 36,33% dos votos mellorando os resultados de 2015, mentres a Marea supera ao PSOE cun 25,10% dos apoios fronte ao 23,54%, nun

PP, un 44,15% que supoñen un cinco por cento máis ca no 20D, mentres En Marea suma o 20,86% baixando case dous puntos e os socialistas logran o 19,27% dos apoios subindo un punto respecto aos anteriores comicios.

A Comarca do Condado-Paradanta


Nunha zona tradicionalmente conservadora tamén quedou reflectida a suba do Partido Popular con respecto ao acontecido no 20D, de maneira que se se suman os votos recibidos aos de Ciudadanos, acadarían o 51% dos sufraxios.

Nalgúns municipios da provincia o PP superou a porcentaxe de votos do resto de España, polo que poden sinalarse como exemplos paradigmáticos do apoio recibido. Aconteceu en Crecente,



poden extrapolarse á realidade municipal, é conveniente reparar como quedou o panorama naqueles que están gobernados polos nacionalistas que, novamente, non conseguiron representación no Parlamento. En Ponteareas,

Galicia



PARTIDO	ESCAÑOS	VOTOS	%
PP	12	643.827	41,49 %
PSdeG-PSOE	6	345.253	22,25 %
EN MAREA	5	344.143	22,18 %

concello que é unha referente dos socialistas.

No Porriño os populares recadaron máis apoios ca nos anteriores comicios cun 37,52% dos sufraxios, con En Marea no segundo lugar reunindo o 28,32% e os socialistas no terceiro posto cun 18,61%.

Tuí, concello gobernado polos socialistas como o porriñés, a maioría dos votos foron para o

por exemplo, onde os populares recibiron o 59,63% dos votos; o 53% en Arbo superando a cifra de decembro ao igual que aconteceu na Cañiza onde lograron o 52,78% dos sufraxios e, en Covelo, onde sumaron o 56,74% dos apoios. Aínda que a maioría dos alcaldes e alcaldesas da comarca coincidiron na xornada postelectoral en salientar que os procesos de Eleccións Xerais non

PSOE (21,10%), En Marea (28,58%) e BNG (3,16%) sumarían máis do 52% dos sufraxios, mentres PP (35,07%) e Ciudadanos (9,22%) chegarían case ao 45% dos votos. Nas Neves, a balanza tamén se inclina polo voto máis conservador xa que PP e Ciudadanos sumarían o 53,74% de apoios mentres a suma de PSOE, En Marea e BNG acadarían o 43,90%.

Senadores electos no 26X pola provincia de Pontevedra



Marta Lucio - PP



Miguel Fidalgo - PP



José Crespo - PP



María Vanessa Angustia - En Marea

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Exito de participación no Campus Tea de verán

Cen nenas e nenos participaron na primeira quenda de xullo do campamento urbano no CEIP Nosa Señora dos Remedios

Entre os días 1 e o 15 de xullo, co título Arqueoxogando, comezou a segunda quenda, na que as/os participantes achegáronse ao mundo da arqueoloxía dunha maneira divertida.

Entre os obxectivos deste campamento están representar o traballo real dun arqueólogo, realizar unha viaxe pola historia a través da arqueoloxía, espertar a curiosidade das nenas e nenos pola escavación e as súas ensinanzas na construción do pasado, concienciar sobre o valor do noso patrimonio histórico e arqueolóxico, e permitirlles estar en contacto coa cultura material.

Realizaron actividades como elaborar un caderno de campo, preparar un espazo de investigación, organizar equipos e primeiros pasos nunha escavación e saír en expedición, entre outras moitas.

A Concelleira de Ensino, Cristina Fernández, colabora activamente en

actividades complementarias que podan ser interesantes para o desenvolvemento da temática de cada quenda, e salienta "a importancia do Campus para posibilitar a conciliación da vida laboral e familiar ao mesmo tempo que as nosas nenas e nenos gozan dunha actividade lúdica con outros compañeiros e valoran o xogo como recurso para aproveitar o tempo libre e adquirir valores e hábitos para a convivencia en grupo como a tolerancia e o respecto."

As quendas do Campus Tea seguirán na segunda quincena de xullo coa temática Ciencia divertida cos elementos, vivindo experiencias de primeira man e experimentando con ela; e na primeira e segunda quincenas de agosto respectivamente, cos tópicos Fotocine, para aprender a historia da fotografía e o cinema e O País dos Sentidos, onde gozaran de experiencias sensoriais.

Adxudicadas as obras da pista polideportiva cuberta no CEIP Fermín Bouza Brey



A obra inicial fora adxudicada inicialmente en maio de 2015 polo anterior Goberno municipal cun orzamento de 188.277 euros, financiados pola Deputación de Pontevedra a través do Plan Provincial de Obras e Servizos.

A adxudicación da obra fora anulada no 2015 por discrepancias na realización do proxecto coa empresa adxudicataria, pois pretendía realizar unha obra de

menor calidade, así como comezar as obras co curso escolar xa avanzado.

Nesta nova convocatoria presentáronse tres empresas e foi adxudicada a unha empresa local por ser a mellor oferta en canto ao prezo e a calidade das melloras.

O obxectivo desta obra é protexer aos pequenos das inclemencias do tempo e garantir a realización das actividades deportivas e de xogos á marxe da chuva. Esta obra prevé que a pista polideportiva do CEIP Fermín Bouza Brey pase dos 630 metros cadrados actuais a 1.022 metros cadrados. Estas instalacións permitirán o seu uso fora do horario escolar.

Ponteareas incorpórase ao programa de vivendas baleiras

O goberno de Ponteareas tomou o acordo de sumarse ao programa de vivendas baleiras promovido pola FEGAMP co Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Con este acordo procúrase por inmobles desocupados a disposición de persoas e familias en risco de exclusión social e de xeito prioritario, ás afectadas por procedementos de execucións hipotecarias ou por desafiuzamentos por non saldar a renda de alugueiro da súa vivenda habitual.

O Concello composta os restos de poda

O Concello de Ponteareas ven de triturar un total de 316 metros cúbicos de restos de podas dos parques e xardíns municipais, cambiando radicalmente o tratamento dado polo anterior goberno a estes materiais.

O Concello contou coa colaboración de Ecocelta onde se depositaron 79 cargas de restos vexetais dos parques municipais.

Evítase deste xeito o vertido incontrolado, a queima ou a costosa alternativa de Sogama.



BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

OCASO

Maria Casal Alvarez
Agente de Seguros Exclusivo
Nº Registro DGSFP C013334873216H

Rosalía de Castro, 2 Baño
35860 Pazoarelas (Pontevedra)

Tel: 986 640 325
Móvil: 873413818
Fax: 986 641 661
Email: maria.casalalvarez@ocaso.es

Vinoteca
Eira Vella
vino, tortas, pulgas e donas...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

PONTEAREAS

Álvaro Pino homenaxeado no IES Pedra da Auga polo 30º aniversario do seu triunfo na Volta Ciclista a España

O Ciclista ponteareán, Álvaro Pino achegouse o pasado 22 de xuño ata o IES "Pedra da Auga" convidado pola Dirección do Centro e o profesor de Lingua Galega Matías da Torre, a fin de compartir co alumnado de 1º e 2º da ESO as súas experiencias deportivas, pero sobre todo para conmemorar o 30 aniversario do seu triunfo na Volta Ciclista a España.

A xornada tomou forma de entrevista, e despois da presentación do profesor do Centro, tanto o alumnado como a Concelleira de Ensino, Cristina Fernández fixeron numerosas preguntas sobre o gran acontecemento do ano 1986, o recibimento que tivo o corredor en

Ponteareas e sobre a súa traxectoria profesional no ciclismo ata o día de hoxe.

"Con 18 anos, comecei na categoría amateur, e nunha competición en Santiago de 130 quilómetros, gañei, e xa tivo repercusión local. Aos poucos, chanzo a chanzo, pedalada a pedalada, superando moitos atrancos fun facendo un oco. É importante non coller atallos nin no deporte nin na vida, devagar, con constancia, fanse as cousas sempre mellor.", aconsellou, non se antes animar ás rapazas e rapaces do Pedra da Auga a estudar moito e compaxinar os estudos co deporte.

Pino lembrou a súa etapa como

Director deportivo dende 2008 do "Xacobeo Galicia", que disputou as competicións continentais profesionais, ata o ano 2010, no que a Xunta de Galicia retirou o seu apoio e condenou á desaparición á equipa. "É sempre importante o traballo de base que se realizan desde os diferentes clubs nas vilas e cidades, mais aínda é tan importante ter un referente, un equipo profesional como foi o Xacobeo Galicia, unha saída profesional para os ciclistas e unha magnífica publicidade para o deporte galego e o nome de Galicia polo mundo adiante", reivindicou.

Tras a charla, os alumnos do 1º curso de bacharelato de Debuxo Artístico agasallaron a Álvaro Pino



cun mural, rememorando a vitoria de fai xa 30 anos na Volta á España. O deseño foi elaborado por Uxía Loureiro e Aroa Carballido. Foi lido alí tamén un artigo que reproducimos a continuación.

Álvaro Pino líder das nosas emocións.

30 anos do triunfo na Volta a España. Ponteareas, capital do ciclismo.

De maio de 1986 quedannos lembranzas imborrábeis para algúns, rememoradas para outros, pola épica vitoria do ciclista ponteareán Álvaro Pino na Volta a España. As novas xeracións da Vila do Corpus coñecemos a Pino polas historias que temos oído ou porque o pavillón de deportes leva o seu nome, mais sobre todo, por escoitarmos decote a lexendaria narración do triunfo na Volta ás nosas nais e pais. Eles era uns nenos, da nosa idade ou aínda máis cativos, cando Pino, un rapazoulo de Fontenla que soñara cunha bicicleta, o mozo novo traballador que se converteu en ciclista profesional por causa do seu esforzo, tesón e constancia, seguía a senda gañadora da saga dos irmáns Rodríguez Barros e acadaba a vitoria na xeral dun de-

porte cada vez máis competitivo, que tiña na capital do Condado o concello máis laureado da historia mundial do ciclismo.

Aquela fazaña voceada con azos atronadores para afoutar o noso campión. Aquelas etapas interminábeis cos problemas nos Lagos de Covadonga, o firme temperamento e a perseveranza exercidos en Serra Nevada, a apoteósica contrarreloxo final de Xerez, ergueron os ánimos de todo o pobo ponteareán, os folgos de Galiza enteira, reflectidos neste home humilde, solidario e varudo. A súa foi a consecución do máis alto premio á calidade deportiva e humana, acompañada coa determinación de querer gañar, de saber sufrir para vencer, e ofrecerlle aos seus o magnífico resultado. Foi unha lección maxistral de como se debe competir san e se concilia a cabeza do pelotón internacional coas orixes e a galegitude.

Trinta anos despois inmortalizamos este feito no IES Pedra da Auga para non esquecermos xamais que Ponteareas foi e ten que seguir sendo ciclismo maiúsculo no futuro. E a ti, Álvaro Pino, dámosche as máis deportivas grazas porque daquela e hoxe es o valeroso líder das nosas emocións.



Castelo
MUEBLES

Tlf.: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

Castelo 2
MUEBLES

Tlf.: 986 642 925
Avda. Castela, nº 26. PONTEAREAS

ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188

www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com

o remendón

- Reparación de Calzado
- Afiados
- Copias de Chaves e Mandos
- Cerrajería 24 horas

Rúa Rosalía de Castro, 61
SALVATERRA DE MIÑO

Telf: 637 764 865

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas aproba os primeiros orzamentos desde 2010

Foron aprobados polo Goberno de BNG, PSdeG e ARDT, coa abstención de EU-Son e os votos en contra de PP e ACiP.

O pleno da Corporación Municipal de Ponteareas en sesión ordinaria do 28 de xuño desestimou as alegacións presentadas polo PP, ACiP, o sindicato CSIF e dous particulares cos votos dos concelleiros que conforman o actual Goberno. Foron estimadas parcialmente alegacións sobre a plantilla de persoal.

Orzamentos

Os orzamentos aprobados contemplan 13,7 millóns de ingresos e 12,9 millóns de gastos para este exercicio. Destinará a per-

soal 5,5 millóns de euros; a gastos correntes 6,1 millóns de euros; medio millón de euros para gastos xudiciais e financeiros. Nas partidas dedicadas ás axudas de emerxencia social, pasando de 60.000 a 90.000 euros, así como as previsións de 30.000 euros para o servizo de comedor escolar e 20.000 euros para material escolar e libros. Inclúe unha partida de 50.000 euros para a creación de postos de traballo e destina 40.000 ás actividades e outros 40.000 para clubs deportivos.

Peonalización

O Goberno deu as explicacións oportunas aos veciños e comerciantes das rúas da Esperanza, Oriente e Praza Maior, presentes no pleno coa intervención dun dos comerciantes desta zona. Tamén respondeu a petición das explicacións sobre este tema do PP. O Goberno local comprometeuse a crear unha comisión de traballo e convidou á veciñanza e comerciantes a escoller representantes, a fin de abordar as melloras na seguranza e convivencia na zona nun futuro.

Amais, ao comezo do pleno tamén se deu á benvida na corporación ao novo edil de ACiP, Manuel Gregores, tras a vacante deixada por María José Aparicio.

Subasta benéfica das Meninas florais no JJcopas

As meninas realizadas polos centros de ensino que participaron no proxecto "Flores para as meninas" e que estiveron expostas nos comercios e rúas de Ponteareas durante o Corpus foron subastadas no JJcopas cun fin benéfico. A recadación destinarase ao tratamento médico de Jairo.

O proxecto social, cultural e artístico "Flores para as meninas" foi impulsado pola profesora do Colexio Santiago Apóstol Pilar Gallego. O Concello facilitou aos Colexios e Institutos unha silueta modelo dunha Menina en madeira



foto A. Hernández

a tamaño natural que decoraron con motivos diferentes cunha técnica artística libre: pintura,

collage, tea, papel, metais, plásticos ou materiais de reciclaxe, entre outros.

O Concello de Ponteareas presenta a súa APP



Benito Márquez, responsable da área, explicou as vantaxes e funcións da ferramenta, dentro do proxecto "de conexión coa era dixital" Ponte Innova. O edil agradeceu ao departamento de Informática do Concello "polo seu labor, desinteresado en moitas ocasión, e mesmo investindo tempo libre, para levar adiante tanto esta aplicación como Ponte Innova, xa a máis longo prazo".

Esta primeira iniciativa do proxecto Ponte Innova ten custo cero ao ser creada con medios propios do Departamento de informática e pódese descargar de balde desde o Play Store e Apple Store.

A idea de crear a app ten como finalidade achegar a institución municipal á cidadanía de Ponteareas, para dotala, amais, de maior transparencia. "A veciñanza poderá coñecer as novidades do Concello día a día coa comodidade dun móbil",

explica Márquez.

Esta aplicación móbil pode descargarse desde as tendas para sistemas operativos Android e iOS, onde xa está actualmente dispoñíbel, gratuíta para calquera usuario. Presenta unha interface sinxela na que, unha vez dentro, aparecen as novas e comunicacións que a diario saen dende o Concello, coas opcións habituais de difusión nas redes sociais máis coñecidas.

Manter informada á cidadanía das novidades do Concello é a principal función da app, xa que cada vez que sexa publicada unha nova, aparecerá unha notificación ao usuario, a cala pode ser limitada polo mesmo. Ademais, poderase acceder á axenda de eventos organizados polo Concello e as farmacias de garda do municipio. A ferramenta estará en constante actualización para incorporar novas funcionalidades.

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano
Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

Fausto
CAFE & VINOS
Reservados en Facebook
Marquesa do Pazo, 4 - AS NEVES

La Primavera
Floristas y Decoración
Rúa R.Soutullo, 17- PONTEAREAS
986 641 080 Particular 986 661 035
primavera@interflora.es
www.florprimavera.com

0 Festival Groba, a punto para a súa cuarta edición

Terá lugar entre os días 5 e 12 de agosto

O Festival Groba arranca un ano máis, e xa van catro, como referente da música clásica en Galicia. O vindeiro día 5 de agosto terá lugar o concerto inaugural e estenderá as súas actividades ao longo dunha semana ata o día 12, xornada na que terá lugar o concerto de clausura.

Dende que este festival deu os seus primeiros pasos, en agosto de 2013, pasou a ser un referente



Guy Braunstein

ineludible dentro do calendario musical do verán galego. Neste percepción tivo moito que ver o seu formato que, sendo habitual en moitos dos festivais que se están a celebrar por toda Europa, resultaba novidoso na nosa comunidade: a mistura da interpretación, a través dalgúns dos nomes máis salientables do panorama musical actual, coa formación de novos músicos, a través de cursos e clases maxistras impartidas por eses mesmos profesionais.

As novidades que o festival presenta este ano veñen dende o apartado pedagóxico. En primeiro

lugar coa celebración dun curso especial para xoves solistas de violín, que será impartido polo



Clara Jumi Kang

profesor Emmanuele Baldini, actual concertino da Orquestra Sinfónica do Estado de São Paulo (Brasil). Participarán neste curso oito alumnas previamente seleccionadas de distintas partes do mundo, aínda que poderán asistir en calidade de oíntes todos aqueles que o desexen.

Catro das alumnas que participan neste curso terán a oportunidade de actuar como solistas no concerto de clausura, onde interpretarán os concertos que integran As catro estacións, de Vivaldi. As outras catro farano nun concerto fóra do programa do Festival, que se celebrará o sá-



Gili Schwarzman

bado, día 13, na Sala Eisenmann da Cidade da Cultura, en Santiago

de Compostela, que vén ser unha especie de epílogo do curso e do Festival.

A outra das novidades que teñen que ver coa pedagogía vai ser a realización dun novidoso curso de Biomecánica e prevención de lesións para violinistas, que será impartido pola fisioterapeuta Nerea Carrera e no que se ofrecerán importantes consellos posturais para evitar calquera tipo de mancaduras musculares.

En canto ao apartado de concertos, todos os días, a partir das 21:00 horas, no Auditorio Muni-




Emmanuelle Baldini

cipal e, coma sempre, de balde, este ano volveremos contar con figuras senlleiras do panorama musical contemporáneo. Algunhas xa son coñecidas polos asistentes ao Festival en edicións anteriores, como a violinista Clara Jumi Kang, as violistas Lea Hennino e Kyoungmin Park, ou a pianista Kasia Wiczorek. Xunto a este elenco, nomes relevantes como os violinistas Guy Braunstein, que foi concertino da Filarmónica de Berlín; Emmanuelle Baldini, concertino da Orquestra do Estado de São Paulo (Brasil); os chelistas Massimo Macri e Zvi Plesser; a flautista Gili Schwarzman; o pianista Julien Quentin,



ou a soprano Ingrida Gapova. Ao seu carón, nomes relevantes do panorama galego, como Alba Reiris ou Bernabé Simes. E, coma sempre, coa Orquestra de Cámara Galega exercendo de "orquestra residente" do Festival.



Luis Álvarez

Contaremos, ademais, coa colaboración dunha das grandes promesas da composición galega,

o lugués Luis Álvarez Cabado, do que se vai estrear unha obra que lle foi encargada polo propio Festival: Andante impromptu. Outras estreas importantes nesta edición serán a de dous dos catro concertos que compoñen a colección A roda do ano (os titulados Primavera e Verán), de Rogelio Groba, e un ciclo escrito este mesmo anos a partir do célebre discurso de Castelao Alba de gloria, co que o autor ponteareán homenaxe ao polifacético artista e intelectual rianxeiro neste Ano Castelao.

Amáis destas estreas, outras composicións de Groba xunto a autores habituais do repertorio internacional como Haendel, Brahms, Mendelssohn, Horst, Telemann, Dvorak, Warlock, Robert e Clara Schumann, Prokofiev, Bach, Vivaldi, Medtner, Sibelius, Boccherini ou Beethoven.



Orquestra de Cámara Galega

CONDADO/ PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Entrega dos Premios de Educación aos mellores expedientes académicos



foto A. Hernández

Salvaterra foi un dos primeiros e dos poucos Concellos que premian a excelencia académica. Froito da colaboración e do traballo conxunto que existe entre a institución e os centros educativos nace esta iniciativa, que buscaba fomentar e premiar o traballo, e que nun principio estaba enfocada unicamente ao alumnado do IES Salvaterra, pero que xa fai sete se ampliou aos centros de primaria.

Esta iniciativa busca premiar e por en valor varios aspectos da vida educativa: o traballo, a constancia, pero tamén o esforzo e a propia actitude lo alumnado.

A Concelleira de Educación, Marta Valcárcel, destacou o traballo, dedicación e implicación tanto dos equipos directivos como profesores dos centros que buscan continuamente incentivar aos seus alumnos, e por outro

lado tamén salientou o apoio da propia familia, xa que moitas veces son o eixo central do seu éxito. Felicitou aos premiados e premiadas e desexoulle as mellores das sortes na nova etapa que empezan.

Os consisten en 14 premios, formados por lotes informáticos (unha tablet, funda, powerbank portátil e tarxeta de memoria) repartidos da seguinte maneira: 9 para os colexios de primaria, 3 para ESO, 1 para Ciclo Medio de Soldadura e Caldeirería e 1 para FP Básica de Carpintaría e moble; e 3 becas de estudos a Inglaterra – Worthing durante 3 semanas, con curso intensivo, aloxamento en familia a pensión completa, bono transporte, actividades, seguros..., co fin de que os tres mellores expedientes académicos perfeccionen o seu inglés.

200 participantes na xuntanza de palilleiras en Fornelos da Ribeira



foto A. Hernández

Máis de 200 mulleres, de toda Galicia, se desplazaron o sábado 2 de xullo ata Fornelos da Ribeira, Salvaterra de Miño, para participar na cuarta edición da xuntanza anual de palilleiras e multilabores organizada pola Asociación As Xoaniñas da Rectoral, a que tamén acudiu a Directora Xeral de Turismo, Nava Castro, e a 1ª Tte de Alcalde de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel.

Moitas delas achegáronse pola mañán ata Salvaterra onde foron recibidas no Concello polo Alcalde Arturo Grandal e despois embarcaranse nun paseo no tren turístico polos lugares máis emblemáticos de Salvaterra e Monção, con parada en adegas da zona onde realizaron unha cata de viños.



ELECTRICIDAD
IN. M. A. C.
CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PQ-1902

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumbrados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 - Móvil: 688 84 01 55 - E-mail: administracion@electricidadcondado.es
Políg. Ind. Chao do Pazo, Pazo 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

Talleres
Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATERRA
(PortoVedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

(SPG)
TALLERES

milfollas

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Tel: 698 126 552

milfollas@munio-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA



Alberto Meira gaña o Rallye Sur do Condado e Jorge Pérez fai terceiro

A 13ª edición do Rallye Sur do Condado, proba puntuable para o Campionato Galego de Rallyes que percorreu 415km por seis tramos, en dúas pasadas, por Salvaterra de Miño, Pontearreas, A Cañiza, Covelo, Mondariz, Arbo e Salceda de Caselas, disputouse o sábado 9 de xullo, coa vitoria do piloto de Vincios,

Alberto Meira, xunto ao copiloto David Vázquez Liste, no seu Mitsubishi Lancer Evo X.

Meira aproveitou o abandono temperán do seu máximo rival, o coruñés Iago Caamaño, que sufriu unha saída de estrada.

A continuación clasificouse o ourensán Félix Macías (+58.641), que aos mandos dun


Subaru Impreza bateuse durante toda a xornada co piloto salcedense da escudería Dona Urraca que acadou o terceiro caixón do podio, Jorge Pérez (+1:14.939), sobre un Renault Clio R3 e con Alejo Souto de copiloto.

O piloto da escudería Surco Carlos Araujo acadou unha meritoria quinta posición.

Aberta a inscrición para o festival de Karaoke

O Concello de Salvaterra de Miño informa de que xa está aberto o prazo de inscrición para participar no XIV Festival Internacional de Karaoke, que se celebrará o próximo 20 de agosto. O karaoke terá lugar nas murallas de Salvaterra, o infantil a partir das oito da tarde e o de adultos ás dez e media da noite.

Para información e inscrición pódese contactar nos teléfonos 986 658 684, 986 659 155 ou 606 606 668.



CONDADO/PARADANTA



Sábado 9	20:30 h.	OBRA DE TEATRO "HISTORIA DE DETECTIVES" Cia. "A Pena do Equilibrio" Obra de Daniel Cajide no Auditorio Municipal
Sábado 16	18:30 h.	FESTA DA BICICLETA Ruta circular 1 hora aprox. O rematar, reparto de agasallos aos participantes na Praza do Mestre Cerviño
Domingo 17	21:30 h.	CONCERTO DA AGRUPACIÓN CORAL XUNTANZA En fronte do Concello e se chove no Salón de Plenos O rematar, a Coral invita aos asistentes a uns pinchos
Venres 22	20:30 h.	DIVERMAXIA no Auditorio Municipal
	22:30 h.	LOS DESCONOCIDOS Concerto de Rock Clásico na Praza do Mestre Cerviño
Sábado 23	20:30 h.	V EDICIÓN DE CONCURSO DE POSTRES, FOTOGRAFÍA E DEBUXO Amenizado por "As Panderoteiras Serra do Suido" na Praza do Mestre Cerviño
Domingo 24	20:30 h.	FESTA INFANTIL con xogos e animación na Praza do Mestre Cerviño
	23:00 h.	FESTA E ENTROIDO DE VERÁN GRUPO COSMOS DJ CHARLIE DJ ADRIÁN MESU DJ OSCAR ARIA
Luns 25	11:00 h.	EKOFEIRA Produtos Ecolóxicos e Artesanais durante todo o día
	12:00 h.	MISA SOLEMNE EN HONOR A SANTIAGO APÓSTOLO CON PROCESIÓN Acompañada pola Banda do Municipal de Redondeña Triduo en honor a Santiago Apóstolo os días 22, 23 e 24 Igrexa de Covelo
	17:00 h.	GRAN CHURRASCADA Campo da Feira
Venres 29	20:30 h.	CANTA CONTOS Raquel Galaviz no Auditorio Municipal
Sábado 30	19:30 h.	V RASTREXO INFANTIL COVELO (de 5 a 14 anos) na Praza do Mestre Cerviño





I Festa da Carne Arreghlada en Mondariz

Osábado 30 de xullo celébrase en Mondariz a primeira edición da festa gastronómica da carne arreglada. Os carniceiros de Mondariz porán os 80 kilos de carne de tenreira e tres restaurantes locais, O Castelo, O Sevilla e Riveiro cociñarán as arredor de 500 racións desta carne estofada que prevén servir nesta primeira edición.

As racións incluírán un plato de barro conmemorativo co escudo de Mondariz, pan e viño, cervexa ou auga, todo ao prezo de 5 euros.

Ademáis o Concello de Mondariz preparou unha programación complementaria que comeza cunha andaina de sete kilómetros e di-

ficuldade baixa que durará unhas dúas horas.

Na Praza na que se celebra o evento gastronómico instalarase ademáis un mercado agrosaudable con postos de prantas, sementes, horta, repostería caseira, cosmética natural, cervexa artesanal, ecotendas ou polbo.

Pola noite, a partires das nove e media, a festa está garantida coa quinta edición da Foliada ou pasabares e pola segunda Xuntanza de Gaiteiros.

Na noite anterior, a do venres 29, Mondariz poderá quentar motores co Minada Rock, un concerto dos grupos Blackcovers e Saldos Arias no campo de futbol da Minada a partires das dez da noite.



Mondariz rexeita a aplicación de herbicidas nas cunetas das súas estradas

O Goberno local de Mondariz de AporM-PSOE, vén de amosar o seu rexeitamento a que a Xunta de Galicia aplique herbicidas para a limpeza das cunetas das cinco estradas de titularidade autonómica que cruzan o municipio. Dita limpeza, sinala o Goberno mondaricense, “pode ser realizada perfectamente coa utilización de medios mecánicos, como se viña facendo ata o de agora”.

Para a utilización do tratamento fitocida nas estradas de Mondariz, utilizouse un vehículo dotado dun equipo autónomo de pulverización, “algo que se fixo sen coñecemento previo por parte do Concello de Mondariz” tal e como o dictarían, sinala AporM-PSOE, as “máis elementais normas de cortesía institucional”.

Os efectos de dito tratamento, que se realizou “obviando os



máis elementais protocolos de boas prácticas na aplicación de produtos agroquímicos”, di o Goberno local de Mondariz, fixéronse perfectamente visibles case que de inmediato.

A aplicación química, reali-

AGOSTO

festas MONDARIZ

PEÑA DE FRANCIA

2016 E SAN ROQUE

FESTA DA ARRANCADERA

14 SES BANDA CREBINSKY BALAKANDRA

15 ORQUESTRA SOLARA GRUPO ALMENDRA

16 ALABAMA SHOW AMERICA

PREMIADO MELHOR SONHEIRO

Estación de Servicio As Neves

Nº 34.628

C/ Laredo 7, As Neves - Pontevedra

Email: es.asneves@ripnol.com

Teléfono: 986 648 081

Lavado y aspirado a mano

Repuestos para vehículos (Filtros, aceites, etc)

Mecánica rápida y cambios de aceite

RIVERO

Casa

RESTAURANTE

Tel: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

expert SanFer

986 648 270

R/ Entreciás, 12

36440 AS NEVES

www.sanfer.net

sanfer@sanfer.net

CONDADO/PARADANTA



XV Festival Folclórico e Galarbo o 23 e 24 de xullo

A Asociación Cultural Barca de Loimil encherá Arbo de actividades deportivas e música o fin de semana do 23 e 24 de xullo. Concentran nestes dous días a celebración de festa do socio, o XV Festival Folclórico Arbo 2016 e Galarbo, unha xornada con deporte, churrascada e concertos de música tradicional.

O sábado 23 os socios xúntanse ao mediodía para asistir a unha misa e disfrutar da comida do socio na Carballeira de Tur-

bela onde terán festa rachada amenizada polo DJ Fredi.

Ás seis e media da tarde desfilarán dende a praza do Concello á Carballeira, onde a partir das sete terá lugar o Festival Folclórico coas actuacións da Escola de Danza Vila de Baiona, Trabudu Dantzari Taldea, de Bilbao, o Grupo Folclórico S.Paulo de Barroselas, de Viana do Castelo e o grupo da A.Cultural Barca de Loimil.

O Domingo 30 comenza ás 9 da mañán

coa saída BTT libre dende o pavilón, ás dez da mañán comeza a ruta de sendeirismo con rafting, con saída dende a praia fluvial de Arbo ata Cequeliños e logo baixada polo río. A inscrición, con comida incluída é de 30 euros. Ás dúas da tarde, na Carballeira de Turbela estará todo preparado para unha comida popular a base de churrasco e a continuación o Festival Galarbo coa actuación de PédëPôtë e Sadeo Pandereteiras.

Arbo colle o tren do turismo



foto A.Hernández

Os trens turísticos de Galicia son un proxecto conxunto do departamento de turismo da Xunta con Renfe con viaxes programadas de grupos que optan por distintos itinerarios nos que poden visitar as cinco D.O. de viños de Galicia, Faros e Pazos e xardíns históricos, sempre acompañados de guías. Os trens turísticos funcionan nas fins de semana de xuño a setembro.

Arbo está incluído en dous deses itinerarios: a Ruta dúas viños do Ribeiro e Rías Baixas e o Tren do Viño do Condado e da Ruta da Lamprea.

A Ruta dúas viños do Ribeiro e Rías Baixas parte de Ourense

e chega a Arbo-Estación para dirixirse en bus ata Arabo, o Museo do Viño e a Lamprea en Arbo, os viaxeiros degustan os viños da zona na adega Marqués de Vizhoja e no Túnel do Viño de Ribadavia, antes de retroceder no tempo coas visitas ao Mosteiro San Clodio de Leiro e ao Castro de San Cibrao de Lás. Finalizan a xornada descubrindo o Museo do Automóvil e o Museo Etnográfico do Liño en Santa Cruz de Arrabaldo.

O Tren do Viño do Condado e dá Ruta da Lamprea sae de Redondela para visitar os xardíns do Pazo de Lourizán e gozar dun percorrido peonil polo centro histórico de Pontevedra, antes de descubrir a deliciosa gastronomía galega a través de lamprea e as Pesqueiras do Río Miño en Arbo. Finaliza a viaxe coa degustación dos viños do Condado na adega Casa Grande A Almuiña.



foto A.Hernández

Camelio para Beatriz e Sergio

Crecente planta un camelio na rotonda que dá acceso á subida do beato Salvador en memoria de Beatriz e Sergio, asasinados a tiros hai un ano, supostamente polo ex-mozo dela. O arbusto foi doado pola Sociedade Ibérica da Camelia.

Na fotografía, familiares co alcalde de Crecente, Julio César García-Luengo Pérez, a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella e o presidente de Portos de Galicia, José Juan Durán.

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Festa do Viño Tinto en As Neves e Festa do Cristo na Cañiza



O Porriño, Ponteareas, Mos e Salceda crean un consorcio para optar a axudas europeas para proxectos educativos

Xa amosaron o seu desexo de sumarse os responsábeis municipais de Salvaterra, Tui e As Neves.

Os concellos de Salceda, Ponteareas, Mos e O Porriño, deron o pasado mes de xuño un primeiro paso para a creación dun 'consorcio' que facilitará a presentación de ideas que poidan optar a proxectos europeos de Formación Profesional e Ciclos medios, por medio das correspondentes concellerías de Educación e integrando aos centros formativos de cada un dos concellos.

Nunha xuntanza que tivo lugar o 30 de xuño no Concello do Porriño, os alcaldes de Salceda, Marcos Besada, de Ponteareas, Xosé Represas, e a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, as concelleiras de Educación de Ponteareas, Cristina Fernández, e do Porriño, Lourdes Moure, xunto co profesor Amador Ordóñez, coordinador de proxectos europeos do IES Ribeira do Louro, que conta cunha dilatada experiencia na coordinación de proxectos euro-

peos, puxeron os alicerces desta iniciativa á que xa amosaron o seu desexo de sumarse os responsábeis municipais de Salvaterra, Tui e As Neves.

O primeiro paso é a creación dunha Plataforma on line para promover nos centros de formación, e para traballar conxuntamente, a nivel europeo, dando pulo á idea de emprendedor entre as alumnas e alumnos, poñendo en man dos centros unha ferramenta que facilite esta labor mediante a formación de profesores e estudantes e a mobilidade dos mesmos, en función dos proxectos presentados e das especialidades, dentro dos países da Unión Europea e asociados á mesma, como Turquía ou Suíza.

Os estudantes terán unha visión máis crara da realidade actual do mundo da empresa, en especial coñecendo que sectores están a medrar, atopar ocos de



mercado, coñecer as novas estratexias empresariais ou o estado da globalización do mercado, de xeito que, por medio de ideas en común, experiencias e ideas conxuntas de cada un dos socios que participan nesta Plataforma, conseguir unha visión máis real do que debe de ser unha empresa na actualidade.

A idea final é a creación dunha rede de colaboración entre todos

os centros, concellos e empresas, unha xestión moi complexa que, como sinala o profesor Ordóñez, "só é factible creando 'consorcios' formados por centros, o que podería denominarse como 'escolas de escolas', que permitan optar aos devanditos fondos europeos de formación", unha experiencia que funciona xa, hai anos, en países como Suecia.

Ademais dos proxectos de coo-

peración que poden presentar conxuntamente os concellos da rede, hai outras accións, como as promovidas por Interreg Poctep, Programa Operativo de Cooperación Transfronteiza España-Portugal; Interreg Sudoe; Interreg Atlántico; Europa Creativa ou Europa dos Cidadáns, aos que poden sumarse accións de prevención de drogodependencia ou de acoso escolar, bullying e cyberbullying.

BARCO LEON
Pinturas

CONSEGUIMOS Y REFORMAS EN GENERAL

- Venta y Aplicación de Pintura
- Papel pintado, Moqueta y Tarima

Omar Jose Farina Barco ofarina@gmail.com

Tel: 986 651 145 - 609 366 364 - 986 651 920

C/ Villanueva, 18 A CAÑIZA - C/ Paseo Matulino, 2 PONTEAREAS

almacén de pinturas
Distribuciones Farina García

Omar J. Farina Barco
GERENTE

609 366 364

Abelera, 88 bajo • Argoares
PONTEAREAS

Tel: 986 651 145

Casa Eligio
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047

C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

forjados duran s.l.

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 130
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
<http://www.forjadosduran.com>

ler e punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LANTORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147

ENTRADA de AS NEVES

Fronte á gasolinería, a xunto a XES

AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA
CHAPA E PINTURA Ó FORNO
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE
VARIEDADE EN RODAS

Pazo, 8
Tortoreira

tel: 986 66 74 88
36849 AS NEVES

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS



O tecido empresarial de Salceda esíxelle solución a PP e PSOE para cobrar as súas facturas

Máis de 50 provedores do Concello veñen de manter unha xuntanza co Equipo de Goberno do Concello de Salceda na que acordaron esixirle a PP e PSOE o voto a favor, ou cando menos a abstención, no Recoñecemento Extraxudicial de Crédito que o Equipo de Goberno de Salceda (Movemento Salceda) levará próximamente a Pleno por quinta vez, tras ser rexeitado nas catro ocasións anteriores por PP e PSOE. Os/as autónomos/as e empresarios/as esíxenlle aos grupos da oposición que non os empreguen como excusa nas súas liortas políticas, e que permitan que os provedores poidan cobrar polos traballos correctamente realizados para o Concello, así como polos suministros ofrecidos, e que poidan facelo todos en igualdade de condicións e no mesmo momento. Afirman ser os perxudicados polo afán dos grupos da oposición de bloquear o Goberno de Movemento

Salceda, o cal resulta de todo inadmisíble.

Sendo conscientes de que o único requisito necesario para proceder á liquidación das facturas é a aprobación plenaria, xa que tal como se lles explicou dende o Equipo de Goberno, nestes momentos o Concello dispón da liquidez suficiente nas súas contas para afrontar o pago deste REC, os afectados piden que PP e PSOE desistan canto antes da súa actitude de bloqueo, permitindo este pago que suporía un enorme respiro para as empresas e autónomos que non poden cobrar as súas facturas sen a conformidade dos grupos da oposición.

Os afectados presentaron un comunicado no Rexistro Xeral do Concello dirixido aos grupos de PP e PSOE, co seguinte contido:

Os asinantes, que figuran nas follas que se achegan con este escrito, acreedores pola prestación

de servizos, obras e subministros ao Concello de Salceda de Caselas, enterados da postura dos grupos municipais do PSdG-PSOE e do PP, contrarios á aprobación do acordo do Recoñecemento Extraxudicial de crédito que permita o pagamento das súas facturas.

Solicitan aos Concelleiros/as dos devanditos grupos municipais que reconsideren a súa postura, exclúan do debate político a atención que merecen aos empresarios que conforman o tecido económico deste Concello, e voten a favor ou, cando menos, se absteñan na seguinte sesión plenaria na que se trate o asunto.

En caso contrario tomaremos as medidas xudiciais e de toda índole que procedan, inclusive aquelas que entendamos oportunas dirixidas individualmente contra os concelleiros/as que de forma improcedente están a impedir o pagamento das cantidades que se adebedan aos provedores.

Salceda adicou o Estourazo deste ano ao mundo do Rallie

As Festas do Cristo de Salceda teñen o seu punto de partida no tradicional Estourazo, este ano por séptima vez, que se leva a cabo dende o balcón da Casa da Cultura Castelao. O Estourazo homenaxe a cada ano a un colectivo, e este ano foi o turno de rendir homenaxe ao mundo do motor. Para elo participaron no evento pilotos do municipio salcedense, así como representantes das Escuderías DONA URRACA e SURCO.

O Concello de Salceda foi un dos poucos de Galiza no que este ano coincidiron tramos de dous rallies diferentes: O Rally Eurocidade 2016, organizado pola Escudería Dona Urraca no mes de maio, e o rally SURCO, organizado pola Escudería SURCO no mes de xullo. Ademais, é habitual contar con tramos polas estradas de Salceda do Rallie Mouchó, Rallie de Clásicos ou

Rallie da Lamprea, entre outros. Outras probas transcorren historicamente polo municipio, aínda que hoxe en día xa non existen (Rallie Rías Baixas ou Rallie RECALVI).

En canto aos pilotos, son varios os vinculados co municipio de Salceda de Caselas: Jorge Pérez e Alejo Souto, Javier Vázquez e Jorge Fernández, Óscar González e Toñi González, Rodrigo Vila e Marcos Romero, Pedro Tapia e Marcos Gude... Ademais, o Concello de Salceda conta con unha das poucas mulleres pilotos de rallie, Vanessa Pérez Oliveira, con Diego González como copiloto.

O Concello de Salceda inviste máis de 10.000 € cada ano en axudas a pilotos e escuderías, ademais da colaboración constante na organización das diferentes probas que se celebran no municipio.



Asesoría laboral, fiscal e contable

- Tramitación de todo tipo de subvencións
- Elaboración de proxectos (memorias, estados de viabilidade, presupostos...)
- Constitución de empresas
- Tramitación de documentos oficiais
- Asesoramento médico/mental

Axespa s.l.

Asesoría, Xestión e Servizos da Paradanta, S.L.

Prta. Main, 8. 36440 A-Meas

Tel: 986 66 46 02 - axespa@gmail.com

DINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arce, 11 - Salceda de Caselas

T: 986 113 548

Rúa Galicia, 5 - Salceda de Caselas

T: 986 658 529

Novo: 645 313 228

ginturasmiguel@hotmail.com


HUMOR

O NOVO FARELO

MAITIRENA



HERMANAGER PRODUCCIÓN



EMILIO seguros

DECEOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...

tel. información: 609 544 351

GASOLEOS TEA

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Campsa

Tel. u Fax: 986 61 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA
Tél.: 986 66 13 00 - Fax: 986 66 13 09
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior
Cra. N-120
Vilabroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Tel.: +34 986 654 434

LOURIÑA

O PORRIÑO

O PP de O Porriño presenta á súa xestora

O presidente provincial do PP de Pontevedra, Alfonso Rueda, participou, xunto co secretario xeral dos populares, José Manuel Cores Tourís, na presentación da xestora do PP de Porriño que vai dirixir o partido ata a celebración do congreso local.

Rueda pediulle ao novo equipo, que está presidido por Carlos Martínez Nogueira, unidade e esforzo "de cara á recuperación do goberno municipal".

O recién nomeado presidente local asegurou afrontar esta nova etapa con ilusión. "Conformamos

un equipo que aúna capacidade, sensibilidade e iniciativa, ademais de representar a todos os sectores da sociedade porriñesa.

A xestora do PP do Porriño, presidida por Carlos M. Martínez Nogueira está formada por 15 persoas, ademais dos vogais e os membros natos.

O vicepresidente é Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, a secretaria xeral Ana María Martínez Paradelo e a tesoureira, Iria Lorenzo Soliño.

Os coordinadores de área son: Andrés Viéitez Iglesias (Organiza-



ción electoral, ideas e programa), Vanessa Ucha Fernández (Economía e Facenda), Antía Carrera Couselo (Urbanismo e Patrimonio), Ramón Porto Oya (Comercio e Industria), José Carlos González Fernández (Vías e obras, servizos e Parro-

quias), Ricardo Losada Varela (Emprego e Deportes), María José Martínez Lemos (Sanidade e Medio Ambiente), María Teresa Veloso Castaño (Benestar social, muller e igualdade), Beatriz Correa Correa (Educación e Cultura), Laura López

Porto (Novas Xeracións) e José Manuel Estévez Trillo (Xuventude e novas tecnoloxías). Completan a lista os vogais, que representan ao casco urbano e a todas as parroquias do Porriño e os membros natos do partido.



Os populares do Porriño desixen unha explicación por parte do Goberno Municipal sobre "a recente perda dunha subvención por importe

de preto de 70.000 euros ao incumplir inexplicablemente os prazos marcado"s.

Segundo expuxo en pleno o portavoz municipal Carlos Martí-

O Concello do Porriño perde unha subvención de preto de 70.000 euros por incumplir os prazos

nez, o pasado 20 de xullo de 2015 concedeuse ao Concello do Porriño unha subvención por importe de 68.336,51 euros para o proxecto de "Mellora de seguridade no viario Sur das Gándaras Fase I - O Porriño".

Para sorpresa dos populares, "unha vez efectuadas as obras en base a esa subvención, o Goberno Municipal presentou fóra de prazo a xustificación do devandito investimento, a pesar de que as bases da mesma estipulaban de maneira precisa os prazos

de xustificación e que o non cumprimento dos mesmos suporía a perda do dereito para cobro da mesma".

Aínda que a coalición de goberno era coñecedora de que devandito prazo terminaba o 30 de Outubro de 2015, a factura á empresa encargada de acometer o devandito proxecto (Nº Factura: 1221.00 Importe: 57.055,55 euros) non foi abonada ata o 4 de novembro de 2015, incumprindo clara e irresponsablemente as condicións coa consecuente

revogación da axuda.

"A perda desta subvención pon de manifesto a desidia e a incompetencia do Goberno Local que parece estar máis ocupado en buscar constantes conflitos cos traballadores municipais que en realizar unha xestión adecuada dos intereses do Concello", lamenta o portavoz popular, Carlos Martínez, que considera tras dispoñer da resolución de revogación espera obter as pertinentes explicacións da coalición de goberno.

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Procesión de San Benito no Porriño



O PORRIÑO

O Balonmán Porriño sopesa retirar ao equipo sénior masculino da Primeira Estatal

As tres baixas confirmadas hai días, súmanse agora as de 5 canteirás

O Club Balonmán Porriño debe tomar nos próximos días unha decisión final con respecto ao equipo sénior masculino. Unha vez finalizada a tempada, a entidade confirmou as baixas de Sebas Gonzalo, Mario Alonso e Fran Camino; pero nos últimos días engadíronse, de maneira inesperada, as de cinco canteirás. Dado este contratiempo, o presidente da entidade Fernando Godoy e o seu equipo de traballo sopesa "a retirada do equipo da competición nacional e a súa continuidade na liga autonómica".

A pesar de que o equipo de División de Honra Feminina é o principal baluarte do club, a directiva apostou hai dúas tempadas polo conxunto masculino, que logrou o ascenso na tempada 2014/2015 a Primeira Estatal. "Fai tres anos tomouse a dura de-

cisión de baixar ao equipo a Autonómica despois de xogar a fase de ascenso a División de Honra B", explica Godoy. Os motivos que propiciaron esta decisión estaban claros: "Que o equipo non sufrise economicamente e, sobre todo, que os xogadores da casa e os xuvenís que subían de categoría continuasen tendo minutos por diante de xente de fóra", apunta o presidente do Bm. Porriño.

Tras lograr a permanencia de maneira folgada en Primeira Estatal, o club xa renovou hai varias semanas ao corpo técnico do equipo encabezado por Miguel Santorio, quen fai dous anos colleu ao conxunto en categoría autonómica e logrou ascéndelo.

Godoy reflexiona da seguinte maneira sobre a situación do conxunto masculino: "Estamos a



valorar todo. Soben cinco xuvenís e temos a catro xogadores da casa con moito peso no persoal". "O que non temos claro é se compense realizar esforzos e traballar

sacrificando cousas a nivel de club para que despois a xente da casa non o valore", apunta. Antes de tomar unha decisión en firme, a directiva do club, a tra-

vés do seu presidente manifesta que "esta situación, vindo de xogadores da canteira, é un pouco moi grande que nos convida a reflexionar".

A Deputación reparará as beirarrúas de Torneiros, Mosende e Pontellas

O departamento de Mobilidade da Deputación de Pontevedra ven de comprometerse co concelleiro de Vías e Obras do Porriño a acometer a reparación e mellora das beirarrúas das estradas EP 2401 e 2402, que pasan polas parroquias de Torneiros, Pontellas e Mosende.

Manuel Carrera mantivo varias entrevistas con responsábeis do organismo provincial e entregoulles un informe polo miúdo, tal e como pediu Mobilidade, dos desperfectos das beirarrúas das devanditas estradas, de titularidade provincial.

As mesmas amosan, en varios treitos, un estado xeral de abandono, logo de anos nos que non se realizaron os arranxos necesarios, outros nos que a zona de paso de peóns está invadida pola vexeta-



ción, herbas e maleza, facendo difícil ou imposible o paso de persoas, obrigando a que teñan que baixar á calzada, co conseguinte perigo para elas. Ademais, obsérvanse varias partes con roturas, levantamento de lousas e afundimentos, como na EP-2401 (Torneiros-Mosende), na zona do río Miñoteira.

Nos días pasados, Carrera presentou unha comunicación, asinada polo arquitecto municipal, facendo unha relación de cales son as actuacións máis urxentes engadindo, xunto co informe, unha documentación gráfica na que pode apreciarse o estado de deterioro de varias destas zonas en varias das cales o Concello tivo que colocar sinalizacións para advertir aos peóns do perigo. Serán estas zonas nas que os servizos de Mobilidade da Deputación empezarán os traballos de reparación.



Instalados os toldos na Gardería de Doantes

A Concellería de Educación, dirixida por Lourdes Moure, rematou a instalación dos toldos na Escola Infantil a Galiña Azul de Doantes, tal e como se comprometerá no seu día o goberno local para paliar o calor que teñen que pasar as cativas e cativos que acuden ao centro.

Hai varios meses o Consor-

cio de Igualdade e Benestar, dependente do Goberno de Galicia, e o goberno local chegaran ao acordo de que o Concello colocaría o devandito toldo mentres non se instala a climatización por parte do Consorcio que, como indica a concelleira, xa ten a partida orzamentaria para o mesmo e "agardamos que funcione xa no mes de agosto".



LOURIÑA

O PORRIÑO

Susana Alonso, Darío Moreira, Alfonso Pato, os profesionais do Centro de Saúde e Francisco Juncal, Premios do Círculo 2016

fotos A.Hernández

Un ano máis, e xa van 29, o Círculo Recreativo Cultural de Porriño vestiuse de gala o sábado día 2, para outorgar un total de cinco galardóns que recairon na deportista Susana Alonso Carballo, o músico Darío Moreira e o guionista e xornalista Alfonso Pato, ademais dunha mención especial aos profesionais do Centro de Saúde de Porriño e o recoñecemento póstumo a Francisco Juncal.

O Premio ao Deporte 2016 é para a ciclista Susana Alonso Car-

ballo, natural de Mos pero moi vinculada persoal e profesionalmente a Porriño. Segundo manifestan desde o Círculo, Susana chegou case por casualidade ao mundo da bicicleta pero as súas aptitudes físicas e psicolóxicas para este deporte non deixaron indiferente a ninguén. É un exemplo de esforzo, de capacidade de entrega e de superación como deportista e como muller. Entre os seus logros destaca o conseguido no ano 2014 cando, competindo coas mellores bikers

de longa distancia, converteuse en campioa de España XCM elite pasando a formar parte, por méritos propios, da historia do BTT nacional.

No apartado da música Darío Moreira foi o elixido este ano polo Círculo. Nacido en Bos aires, no seo dunha familia de emigrantes que en 1964 volve a Galicia para asentarse en Porriño cando el tiña tan só dous anos. É aquí onde a guitarra convértese en embaixadora da vida social deste músico e onde se achega aos rudimentos do flamenco coa comunidade xitana e participa na formación de diferentes grupos de música popular. Cofundador do grupo Na Lúa, Darío é pioneiro no achegamento da música tradicional galega ás músicas do mundo e todo un referente en guitarra creativa.

Alfonso Pato recolleu o seu primeiro galardón a modo persoal. O guionista e xornalista, coñecido por ser impulsor e director do Festival de Cans, será o premiado no apartado de cultura, por contribuír desde moi novo ao enriquecemento cultural de Porriño liderando e participando en diferentes iniciativas. Pato destaca tamén polas súas achegas no mundo do xornalismo escrito e audiovisual a nivel nacional.

Por outra banda, nesta edición dos Premios Círculo entregouse unha mención especial aos profesionais do Centro de Saúde de Porriño que, recentemente, recibiu un recoñecemento outorgado polo Ministerio de Sanidade pola



implantación dun programa de seguridade do paciente. Un galardón que se suma a outros xa recibidos en recoñecemento á inquietude e profesionalidade dos traballadores deste centro, á investigación e ás súas dinámicas de traballo multidisciplinar.

Por último, e non menos importante, a familia de Francisco Juncal, xa faleceu, recolleu o galardón ao recordo. Este practi-

cante estivo durante moitos anos á fronte do coñecido como Hospitalillo poñendo os seus coñecementos sanitarios ao servizo de todos os veciños de Porriño, onde lle lembran pola súa xenerosidade, altruísmo e dedicación e agarimo no seu traballo. Desde o Círculo sinalan que moitos porriñeses naceron grazas a Paco, seguramente un dos primeiros matrones da historia.



O PORRIÑO

Arquivada definitivamente a denuncia de dúas funcionarias contra a alcaldesa

A Audiencia Provincial de Pontevedra, nunha decisión que é firme e non admite recurso, ven de ratificar o arquivo, ditado o pasado 17 de febreiro polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 do Porriño, da denuncia presentada por dúas funcionarias do Concello contra a alcaldesa, Eva García de la Torre, pola suposta comisión dos delitos de revelación de segredos e coaccións.

Hai que lembrar que a alcaldesa deu orde ás devanditas funcionarias para que entregasen o disco duro externo ao que, presuntamente, estaban copiando, masivamente, do servidor municipal arquivos con datos pertencentes ao Concello.

A Audiencia Provincial sinala, literalmente, que o proceder tanto Eva García de la Torre,

como do secretario municipal, e do concelleiro de Urbanismo, Marcelino Coto, “non merece reproche algún, pois non so non actuaron en contra da legalidade, senón para garantir o cumprimento da mesma en materia de custodia dos arquivos de oficina propiedade do organismo municipal. Actuaron, por tanto, pola protección do interese xeral e non polo particular de descubrir datos da devandita funcionaria e o fixeron en cumprimento das súas atribucións de custodia”.

A Audiencia, que condena ás funcionarias ao pago das costas xudiciais, engade que “nin sequera existe indicio do acceso ao contido do material informático intervido, por parte da Sra. Alcaldesa denunciada, en canto o devandito material foi precintado no mesmo acto e aportado á

Garda Civil quen, á súa vez, remitiullo con atestado ao xulgado”.

Esta decisión súmase á do Xulgado do Social número 5 de Vigo quen, hai uns días decidiu a absolución de Eva García de la Torre, logo de ser denunciada por unha suposta inxerencia na intimidade da devandita funcionaria.

O xuíz, dicía daquela que no material requisado non había datos algún relacionado coa intimidade da traballadora, maila o argumento do seu avogado “cunhas insinuacións vacías de corroboración probatoria”.

Asimesmo, o maxistrado sinalaba que quedou acreditado que Eva García de la Torre non empregou violencia física ou psicolóxica contra a funcionaria e que, ademais, coma alcaldesa está habilitada para fiscalizar o traballo que se faga en calquera das áreas



municipais.

Anteriormente, o 21 de abril, data do xuízo por este asunto, a Fiscalía, declinou a súa presenza na causa, xustificando este feito nun escrito razoado no que subli-

ñaba que a alcaldesa, da cordo coa interpretación do ministerio público, non cometera irregularidade algunha, subliñando que “non se aprecia violación da intimidade”.



LOURIÑA

MOS

Mos adxudica unha parcela co compromiso da contratación de 60 traballadores

A adxudicataria INTEGASA, vai realizar unha inversión na parcela municipal de preto de 3 millóns €

A mesa de contratación acordou otorgar o dereito de superficie a INTEGASA empresa que se dedica á fabricación de intercambiadores de calor e recipientes a presión.

Foi adxudicataria do dereito de superficie da parcela municipal denominada "Faquiña-B", que conta cunha superficie de 9.514 metros cadrados. A referida empresa foi a que obtivo maior puntuación, un total de 71,82 puntos, en relación aos criterios de adxudicación fixados nos pregos de prescricións técnicas e

administrativas.

Concretamente, INTEGASA, vai realizar unha inversión na parcela municipal de 2.850.000 €, debido a que vai proceder á demolición das naves existentes e construción de instalacións totalmente novas (nave de produción, nave oficinas e nave de servizos) e adecuadas para o proceso de fabricación que leva a cabo.

A actividade levada a cabo pola referida empresa non está sometida a ningún trámite de incidencia ambiental, polo que se considera unha actividade inocua



e non contaminante.

Ademais a empresa compro-

métese a contratar a 60 traballadores nun prazo de 12 meses.

ASOMAMOS organiza un Festival de Cantiga Tradicional

A Asociación de Maiores, Pensionistas e Xubilados de Mos, ASOMAMOS, organiza o I Festival de Cantiga Tradicional Galega que se celebrará no Pazo de Mos o vindeiro sábado día 23 de xullo ás 20.00 horas.

Participarán neste evento musical a Coral Polifónica Asomamos, a Coral Polifónica San Esteban de Redondela e realizarase a presentación do grupo Orfeón Millo Verde.

A entrada no festival é libre e de balde ata completar aforamento.

Mos activa un plan urxente de limpeza de cunetas

O Concello adxudicou traballos por valor de 121.297,78 euros, que se desenvolverán durante catro meses e nos que se dedicarán 8 horas diarias a limpar e rozar as cunetas das parroquias.

"Este plan urxente de limpeza viaria fíxose especialmente necesario debido ao retraso da subvención solicitada á Deputación Provincial no pasado mes de marzo, e da cal aínda tivemos razón a semana pasada. Por tanto, e debido á climatoloxía favorable para o crecemento da maleza, dende o pasado mes de xuño, tivemos que recorrer a persoal propio do Concello destinado a Obras e Servizos para realizar este labor, un persoal municipal que fixo un esforzo encomiable para suplir a tardanza da chegada da subvención destinada a ese fin" explicou a alcaldesa Nidia Arevalo.

O PORRIÑO

O Club Furaventos organiza probas de aeromodelismo no Porriño

O Club de aeromodelismo porriñés Furaventos organiza para os días 30 e 31 de xullo o Encontro Porriño Jets, no que participarán jets e avións de gran escala, con máis de 2,5 metros de envergadura.

O Encontro terá lugar na pista municipal de aeromodelismo de O Porriño, situada na parroquia de Pontellas. As inscricións están abertas ata o 26 de xullo na web do club www.furaventos.com.

Furaventos ven de realizar o pasado 16 de xullo un encontro de maquetas F4C neste mesmo aerodromo e as altas temperaturas non impediron que os pilotos disfrutaran dunha gratificante xornada de voos e 12 imponentes maquetas de avións a perfecta escala voaran sobre a pista de Pontellas.

O vindeiro 13 e 14 de agosto o club organizará o Open Nacional F3Q ACRO "Concello do Porriño".



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

A GUARDA

A Banda Crebinsky protagonizou a segunda edición das Noites no Castelo

O Castelo de Santa Cruz tras acoller a inauguración do Centro de Interpretación das fortalezas transfronteirizas, o venres día 8 de xullo, o sábado foi o escenario da segunda edición de Noites no Castelo.

Despois do éxito que tivo esta iniciativa o ano pasado, coa proxección do filme “A Es-morga”, decidiuse repetir a experiencia e aproveitar a fermosa contorna desta fortaleza para ofrecer unha película e un concerto de balde coa fin de amenizar o verán guardés.

Os escollidos para protagoni-

zar o Noites no castelo deste ano foron a Banda Crebinsky, unha grupo musical xurdido a raíz do mundo imaxinario creado para o filme “Crebinsky” e da banda sonora que se realizou para este.

Pasadas as 22 horas da noite daba comezo a velada cunha pequena charla introdutoria a cargo de Sergio Zearreta e Enrique Otero (protagonista e director do filme), acompañados dunhas palabras de presentación de parte da concelleira de Cultura do concello da Guarda, Elena Baz. De seguido os asistentes puideron



visionar o recoñecido filme “Crebinsky”, gañador do premio a mellor guión novel do Festival de Málaga.

Para rematar a xornada, pasada a media noite, deu comezo o concerto da Banda dos Crebinsky, que invitaron a todos os alí presentes a desfrutar e moverse ó ritmo da súa música, unha música que eles mesmo clasifican como composicións eclécticas-delirantes ou música popular de un país inexistente nun concerto que se estendeu ata pasadas as dúas da madrugada.



Tapearte 2016 entrega agasallos e premios

Tivo lugar no Salón de Plenos do Concello da Guarda a entrega dos agasallos ós participantes da ruta “Tapearte A Guarda 2016” gañadores do sorteo celebrado o pasado xoves entre todos os que lograron selar, polo menos, 12 das 20 tapas que formaron parte da ruta gastronómica.

Parte dos premiados, con relo-xos, baterías portátiles ou sets de viño, achegáronse ó concello para recoller os seus agasallos e aproveitaron para expresar a boa acollida que tanto comensais como hosteleiros deron un ano máis a esta iniciativa. Ademais tamén deron suxestións para mellorar, aínda máis, esta ruta en vindeiras

edicións.

Despois de dar os agasallos do sorteo procedeu-se á entrega do diploma ó vencedor do concurso á Mellor Tapa, que recibiu a votación máis alta dada polos participantes, que foi para o restaurante La Pizzicata. Tamén recibiron cadanseu diploma os establecementos con maior número de votos, quedando empatados Alameda, Anabel e La Pizzicata.

Dáse así por concluída unha nova edición da ruta gastronómica “Tapearte A Guarda”, que cada ano vai ampliando a súa duración, a calidade das tapas e, sobre todo, a xente que se achega para probar as marabillas da cociña guardesa.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda recupera despois de nove anos a Festa do Peixe Espada o 30 e 31 de xullo

A Festa do Peixe Espada volve á Guarda despois de nove anos de ausencia. A última fin de semana de xullo, o sábado día 30 e o domingo 31, celebrarase no Porto da Guarda a XIII Edición dunha festa que volve como unha cita destacada dentro dos eventos gastronómicos da Comarca.

OR.PA.GU., a organización de palangreros guardeses que organiza esta festa, logra recuperar así unha celebración adicada a un peixe moi importante para a Guarda, pois a lo-

calidade ten o 40% da flota nacional do mesmo. Por iso para esta festa a organización porá a disposición dos hostaleiros da vila arredor de 2.000 racións de peixe espada, para que todos os asistentes poidan probalo nas distintas variedades preparadas polos cociñeiros locais.

Entre as novidades deste ano destaca que, por primeira vez, coordínanse os dous sectores máis importantes da Guarda, a hostalería e a pesca, para poder ofrecer ós visitantes a mellor das celebracións.

Esta Festa contará, ademais de cos manxares elaborados co peixe espada, cunha variedade de actuacións musicais durante toda a fin de semana, ademais de actividades para os máis cativos da casa.

O concello da Guarda quere convidar a todo o mundo a achegarse ata o Porto da Guarda e degustar as delicias gastronómicas nunha XIII Edición da Festa do Peixe Espada que dará comezo o sábado día 30 ó mediodía, na carpa do Porto, coa apertura oficial da Festa e o pregón.



A Guarda será un dos escenarios da primeira docuserie sobre o camiño portugués a Santiago da costa



A pesar de que é un dos Camiños a Santiago máis fermosos e espectaculares, o Camiño Portugués da Costa tamén é un dos máis descoñecidos.

Para todos aqueles que aínda non o coñecen ou que desexan

saber un pouco máis sobre a súa historia e sobre os lugares polos que transita a Televisión de Galicia emitirá un programa adicado en exclusiva á difusión desta ruta.

Este programa, o primeiro docushow sobre o Camiño Portugués

a Santiago da Costa, terá un formato innovador coa fin de dar a coñecer non só este Camiño senón tamén co obxectivo de promover a cultura e o turismo das vilas polas que pasa o Camiño dun xeito dinámico e atractivo.

Para isto, a canle pública galega realizou unha docu ficción, cun marcado tono cómico, que fará esta promoción a través dunha historia de ficción de ocio-amor entre un home e unha muller que emularán as trece etapas da ruta. Durante eses trece programas percorreren as vilas que separan O Porto e Santiago, cunha parada moi especial na Guarda, a primeira vila do Camiño en terras galegas.

Exposición fotográfica "África, soños e mentiras" no Concello

A exposición fotográfica "África, soños e mentiras" presenta a mirada e o contacto de Gabriel Tizón, fotógrafo ferrolán con amplo percorrido internacional con África, tras máis dunha década de viaxes por diferentes países do continente e, especificamente, con Guinea Bissau.

A mostra forma parte do proxecto "Causas Comúns", que nace como ferramenta de información e sensibilización, a través da fotografía como idioma común, tanto de cara ao pobo galego como ao de Guinea Bissau, sobre o evidente incumprimento dos Dereitos Humanos.



A exposición poderase visitar dende o 5 ata o 28 de xullo no concello da Guarda

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Festas do Carme e Festa da Langosta en A Guarda



Celebran a presentación da candidatura ás axudas europeas do GDR14 cun concerto e linternas de ceo

Tomiño acolleu o acto de remate do proceso participativo do Grupo de Desenvolvemento Local GDR14, que aglutina trece concellos da zona, cun concerto da banda viguesa Welli Kings e solta de linternas de ceo.

Na velada presentouse o documento coa candidatura final para xestionar os fondos LEADER no novo período 2014-2020, co que o GDR 14 opta a xestionar entre 3 e 5 millóns de euros.

A tomiñesa Praza do Seixo foi o escenario para a presentación da candidatura final, resultado do traballo dos últimos 3 meses, e no que a poboación participou activamente, dando ideas e facendo propostas, na elaboración da estratexia que define as liñas de investimento que serán prioridade neste período, para traba-

llar polo desenvolvemento do territorio.

A presidenta do Grupo de Desenvolvemento Rural GDR14, Sandra González, resaltou a oportunidade única que supón o Programa LEADER Galicia 2014-2020 para seguir traballando no desenvolvemento do territorio rural, e puxo en valor o carácter participativo que xerou o documento. Agradeceu asemade o apoio e implicación co proceso de candidatura dos alcaldes e poboación dos trece concellos envolvidos.

O acto contou coa animación da banda viguesa Welli Kings, que fixo un percorrido musical a través de éxitos de todos os tempos, e tamén das cancións tradicionais de Galicia revisadas, fusionadas e re inventadas.

Ademais e como acto simbó-

lico da finalización do proceso participativo, o público asistente fixo unha solta de linternas de ceo, que iluminaron durante uns minutos o ceo tomiñés.



A aula-museo Antonio Fernández pode visitarse venres e sábados de xullo e agosto

O espazo amosa as diferentes facetas da vida do pintor, expoñendo documentos e obxectos persoais dos que o artista nunca se desprendeu

Aula-Museo Antonio Fernández, situada na parroquia de Goián, permanece aberta para a súa visita durante os meses de xullo e agosto, os días venres (de 10.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 horas) e sábados pola mañá.

A instalación alberga en distintas salas, no edificio da antiga escola, obxectos e documentos relativos á vida e profesión do pintor e filántropo goiánés, varios deles doados por veciños e amigos da familia.

A aula-museo foi creada polo Concello de Tomiño en xullo de 2014 a proposta da Comisión Antonio Fernández.

O espazo amosa as diferentes facetas da vida do pintor, expoñendo documentos e obxectos persoais dos que Antonio Fernández nunca se desprendeu e que se poden mostrar grazas á cesión que fixeron algunhas persoas de Goián, entre elas Manuel Villa Troncoso, Leandro Alonso Rodríguez e a familia de Xavier Pousa.

O percorrido expositivo da aula cén-

trase nas súas facetas persoal, periodística, arqueolóxica, artística, fotográfica e filantrópica, que permiten afondar un pouco máis na vida e personalidade do artista. Unha vida que, ao igual ca súa obra, foi minuciosa, ordenada, paciente, humilde, sincera e honrada.

No ano 1950 Antonio Fernández formalizou co Concello o seu desexo de

doar o solar da súa casa natal para a construción do grupo escolar, hoxe coñecidas como escolas vellas. O edificio, construído en 1950, mantén practicamente intacto o seu deseño e estrutura orixinal e foi unha aula do CEIP Antonio Fernández. O Concello de Tomiño decidiu que era o mellor lugar para crear alí a aula-museo do pintor.



Acondicionados os pantaláns de Goián e Sobradela danados polos temporais

Despois dos danos ocasionados polos temporais e o grande aumento do caudal do río Miño durante os pasados meses, foi necesario reconstruír os pantaláns das parroquias de Goián e Sobrada (Torrón), que foron seriamente danados polas riadas, desprazando incluso as instalacións do seu lugar orixinal.

Logo de varios días de traballo, ambos os dous pantaláns, están xa en condicións de ser utilizados. O concelleiro de Obras, Francisco Campo Lago, informou que foi necesario un investimento de 8.750 euros, IVE incluído, que serviron para repoñer varios floradores, tramos de madeira e enganches.

Campo Lago quixo agradecer especialmente a colaboración prestada pola Comandancia de Mariña de Tui, que fixo un estudo previo dos pantaláns para saber como facer a reparación.

Por outra banda, máis de mil metros cúbicos de area, foron necesarios para acondicionar a Praia de Goián, situada á beira do Espazo Fortaleza, despois dos danos ocasionados polos temporais, estando xa totalmente arranxada.

BAIXO MIÑO

TUI

Tui presenta a súa axenda cultural do verán

“Durante os meses de xullo e agosto Tui será unha das capitais culturais de Galicia” así o expuxo o alcalde, Enrique Cabañero, na presentación da programación cultural de Tui que vén recollida no número 32 da Axenda Corredoira Cultural que cunha tirada de 15 mil exemplares foi distribuída en Tui e Valença.

O Concello aporta 60 mil euros de fondos propios aos que se suman as achegas da Deputación e da Xunta de Galicia até completar un total de 100 mil nos que está orzamentada a oferta de xullo a decembro.

As proxeccións de cinema ao aire libre na Praza de San Fernando abren a programación cultural do verán o venres, 15 de xullo, en Tui. Ofértanse catro películas de animación para público familiar, o venres 15 proxectase “Home: fogar doce fogar”, o 22

será a quenda de “Bob Esponja: un heroe fóra da auga” e xa en agosto o día 19 “Os Minions” e o 26 “Os pingüíns de Madagascar”.

Tamén o venres, 15 de xullo, dentro da programación da Biblioteca Municipal haberá unha actividade de normalización lingüística da man dos Bolechas. A cita será ás 18h na propia biblioteca nunha actividade dirixida a nenos de 4 a 8 anos que terán que axudar aos seis irmáns Bolechas a clasificarse para os Xogos Olímpicos.

O xoves 21 dentro das actividades do Ano Castelao organizadas pola Deputación de Pontevedra chega a Tui “A lingua na boca. Letras, riscos e pensamentos de Castelao”. Limiar Teatro presenta un espectáculo cómico, poético e musical sobre a figura de Castelao.

O martes 26 o folclore estará

presente no verán cultural de Tui na XVII Noite Internacional do Miño que se celebrará no Parque do Laxal en Rebordáns con grupos de Colombia, Hawaii, Costa Rica, África do Sur e Bolivia. Alfonso González, da Escola de Baile e Gaitas San Fins organizadores do evento, salienta que este foron máis ambiciosos traendo un total de cinco grupos internacionais nunha cita cunha consolidada traxectoria.

Mentres a música de tecla será a protagonista do 25 ao 30 de xullo co IV Festival Internacional de Instrumentos de Tecla da Eurocidade Tui-Valença que alcanzará masterclasses, concertos, charlas, obradoiros... tanto en Tui coma en Valença. A súa directora Andrea González, explicou na presentación esta mañá que na edición de 2016 ofertan catorce actividades en seis días en espa-



zos elixidos pola súa beleza arquitectónica. Engadíu que sumarán sinerxías entre España e Portugal, Tui e Valença, nos distintos eventos programados.

Por outra parte o mes de agosto comezará co XII Festival de música, patrimonio e creación interdisciplinar Música no Claustro. O seu director Samuel Diz avanzou que o leitmotiv deste ano son as fortalezas nunha programación a celebrar entre os días 3 e 7 na que haberá concertos, pero tamén outras propostas artísticas e obradoiros de artesanía de Verónica Moar e Xaneco para os que hoxe abre o prazo de inscrición.

O río Miño será o gran protagonista na festa prevista para o 13 de agosto, coincidindo coa celebración do Descenso Internacional do Miño. O descenso popular, a romaría, concertos... nunha xornada que cumpre a súa sétima edición.

O sábado 20 de agosto o son das bandas de música encherá a Praza de San Fernando co XXV Festival de Bandas de Música protagonizado polas agrupacións de Tui e Catoira. O xoves 25 de agosto Trompicallo representará a

obra de monicreques “Jiñol”.

A programación do verán pecharase co novidoso Festival Internacional da Memoria Arraiana “Arraianos” a celebrar do 3 ao 5 de setembro. A súa directora Andrea Costa explicou que o proxecto xurde coma proxecto final de máster nunha aposta que na súa primeira edición estará centrada na época medieval con propostas para todos os públicos no conxunto histórico, e na que se convida tamén a participar aos comerciantes do resto da cidade.

A programación do segundo semestre do ano continuará nos meses de outubro, novembro e decembro no Teatro Municipal con tres representacións teatrais para adultos da man do Centro Dramático Galego, Chévere e Ibutrofeno. Os máis pequenos disfrutarán dos espectáculos de Odaiko, Elefante Elegante, Galitoo e Pérez&Fernández, e dunha proxección de cinema. A música chegará da man dos tudenses Best Boy presentando seu primeiro traballo “Cross the border” e da Orquestra Sinfónica de Tui que se presentará oficialmente no concerto de Nadal.



Procesos Bilingües
DISPONIBLE NO TELÉFONO 654 07 57 51
VENRES 15 DE MAIO, AS 8 DA TARDE

CONTACONTOS
XORNADAS BILINGÜES (inglés-galego)

ENTRADA GRATUITA

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍLS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

Presentación do proxecto ViaGalicia entre Zona Franca e a Asociación de Empresarios de Redondela

O presidente da Asociación de Empresarios de Redondela, D. Enrique Lago, acompañado polo Alcalde de Redondela, D. Javier Bas, presidiron un acto de divulgación do proxecto VIAGALICIA que contou coa presenza da Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, Dña. Teresa Pedrosa e a Directora de Promoción Económica, Dña. Rosa Eguizábal que achegaron aos empresarios de Redondela este proxecto de aceleradora de empresas, que dará soporte e asistencia na súa fase inicial a empresas e emprendedores. Calquera novo proxecto empresarial posto en marcha recentemente ou idea de empresa pode presentar a súa candidatura para ser incluído no programa de aceleración ata o 15 de xullo. ViaGalicia é un Programa promovido polo Consorcio Zona Franca de Vigo e a Xunta de Galicia, que ten como obxectivo a aceleración de proxectos empresariais innovadores e invertibles. Os interesados poden acceder a toda a información do proxecto a través da web de Zona Franca. As em-

presas da localidade tamén terán toda a información dispoñible na sede da Asociación de Empresarios de Redondela.

Teresa Pedrosa, reiterou o seu compromiso coa localidade e explicou algunhas das liñas nas que se ven traballando co concello de Redondela. Tanto o Concello de Redondela como Zona Franca manifestaron a importancia de contar coa implicación dos empresarios da localidade a tra-

vés da Asociación de Empresarios de Redondela.

Eva López, Coordinadora de Transparencia do Concello de Redondela, presentaron a Sede Electrónica e Portal de Transparencia do Concello. Esta sede Electrónica é un medio a través de que os redondeláns poden exercer o seu dereito de acceso á información, aos servizos e aos trámites electrónicos do Concello. Desde esta plataforma, em-

presarios e cidadáns poderá efectuar trámites ou realizar consultas sen ter que asistir presencialmente ás oficinas municipais, tamén aquelas relativas aos tramites administrativos da posta en marcha de novos negocios. Dado o interese de divulgación destes servizos se realizarán novas sesións exclusivas para explicar os procesos accesibles e a súa metodoloxía a través desta plataforma.



Os nenos poderán divertirse de balde nos Campamentos de Praia de Arealonga



A Concellaría de Xuventude do Concello de Redondela, dirixida por Julio Mougán, pon en marcha o Campamento de praia en Arealonga.

Este campamento vai dirixido a nenos maiores de catro anos que disfrutarán con xogos populares, xogos de auga, Olimpíadas e gincanas. Os venres realizarán manualidades.

Para esta actividade non fai falta inscribirse previamente no concello anótanse os nenos na propia praia ata completar as prazas que serán 30 diarias.

O Campamento de Praia desenvolverase desde o 15 de xullo ata o 12 de agosto en horario de cinco e media a sete e media da tarde na praia de Arealonga.

Citanía
Mobiliario & Descanso
Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
www.facebook.com - info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

Jose A. Cabaleiro R.
Fontanería - Calefacción - Electricidad
Bombas Sumergibles - Piscinas
Placas Solares Térmicas - Biomasa
Telf.: 639284063
e-mail: jacrielo@hotmail.com
Cerqueiral nº8A - Po. 36471 - Entenza

ElectroGranxa
ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO
Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com
www.electrogranxa.com
Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 259 - Nave 3, 36400 PORRINO - Pontevedra

Repuestos OJEA
RECAMBIO AUTOMOCIÓN
Avda. Galicia, 44 Bajo
Salceda de Caselas
986 34 33 71
Fax: 986 349 686
repuestosojea@gmail.com

Pizzeria D'Camilo
V.P. Vidal, 25
Salceda de Caselas
Telf.: 986 34 06 61

Goya Pub
www.goyapub.es

NOVAS DA RAIÁ

Ponte da Barca a capital da música celta

Ponte da Barca está já preparada para, este mês, receber o Festival Folk Celta, já na 9ª edição, nos dias 29 e 30, sexta e sábado, com importantes nomes da área, em Portugal e Espanha.

António Zambujo, o alentejano que faz a simbiose entre fado e o cante alentejano, é o cabeça de cartaz. No Alto Minho celebra o seu casamento com a folk, depois de uma intensa e bem sucedida digressão pelos Coliseus (Lisboa e Porto) e de ter vencido o Globo de Ouro para Melhor Artista Português. Um artista também muito querido e apreciado na Galiza.

O evento volta a ser organi-

cada um dos dias, três atuações, com início previsto para as 22h.

Além de Zambujo, que atua no segundo dia, o destaque vai também para o regresso de dois nomes que fizeram a festa na edição inaugural e que atuam no primeiro dia no palco Terras da Nóbrega – os Galandum Galundaina (uma instituição do património musical e etnográfico das Terras de Miranda que apresentam o seu mais recente disco) e a galega Susana Seivane.

DA GALIZA

Esta é filha e neta de gaiteiros, ou seja, a família Seivane, uma das mais prestigiadas famílias no mundo dos gaiteiros e ar-



zado pela Câmara Municipal barquense e ter Manuel Joaquim, um apaixonado pela música celta, como diretor. Igualmente volta a apresentar uma programação a funcionar em alternativo – os palcos Terra da Nóbrega (principal e com o nome da praça onde o evento decorre) e Bricelta. Em cada um deles, registam-se, em

tesões de gaitas na Galiza. Iniciou a sua carreira musical com apenas 3 anos de idade. Na sua discografia coleciona um álbum homónimo editado em 1999 e produzido por um dos elementos dos Milladoiro; o disco “Alma de Buxo” onde, entre outros, colaboram Kepa Junkera e Rodrigo Romani.



O último trabalho de originais surge 10 anos depois. Com um estilo genuíno que está presente na sua forma de tocar, consegue sintetizar o estilo enxebre dos executantes ancestrais de gaita-de-foles. Aparece rodeada de um elenco de músicos da nova geração que transmitem frescura e originalidade às suas criações. É sem dúvida uma das apostas desta edição do Festival Folk Celta.

Da vizinha Galiza vêm, também, os Talabarte (atuam no segundo dia no palco principal). É a boa música galega que incita ao baile produzida por um trio único (violino, acordeão diatónico e contrabaixo), estritamente acústico e baseado na música tradicional.

Com um disco editado em nome próprio no ano de 2011, e que resulta de uma tour europeia, este super trio de virtuosos executantes da música galega incita ao baile e à imaginação.

Para atuar no palco Bricelta (a encerrar o primeiro dia) vêm, também da Galiza, o sexteto Vi-

randeira Folk. Trata-se de uma simbiose de géneros musicais que permitem à folk mais tradicional beber da inspiração do rock, do jazz e até da pop.

Note-se, ainda, que os novos talentos da música folk e celta que atuam no Palco Bricelta foram selecionados através de um concurso/votação on line do público.

FEIRA ALTERNATIVA E BILHETES

Note-se, a propósito, que os novos talentos da música folk e celta que atuam no Palco Bricelta foram selecionados através de um concurso/votação on line do público.

Por outro lado, em simultâneo com os concertos decorre, como é habitual, a Feira Alternativa com música, dança e uma panóplia de atividades dedicada aos novos talentos da música folk e celta.

Haverá, uma vez mais, cerveja artesanal, licores tradicionais, queijos e enchidos da região, sabonetes artesanais, óleos e ungentos naturais, e ainda uma

área de restauração a trabalhar durante todo o horário dos concertos.

As portas abrem às oito da noite e os concertos têm início pelas 21h30. Os bilhetes custam 10€ na sexta e 12€ no sábado, com passe de 18€ para os dois dias. Podem ser adquiridos no Posto de Turismo de Ponte da Barca ou através de pré-reserva pelo facebook oficial do Festival, estando também à venda na Ticketline e na LiveEventTicketing.

PROGRAMAÇÃO

Dia 29 de julho:

Palco Terras da Nóbrega: 22h00 – PetPiper's Project; 23h05 – Galandum Galundaina; 00h30 – Susana Seivane.

Palco Bricelta: 21h30 – Lÿra; 22h45 – TheOafs; 00h05 – Virandeira Folk

Dia 30 de julho:

Palco Terras da Nóbrega: 22h15 – Talabarte; 23h30 – António Zambujo; 01h05 – Retimbrar

Palco Bricelta: 21h30 – Palankalama; 23h00 – Drusuna; 00h45 – Triquel.



IV International Keyboard Festival & Masterclass Eurociudad Tui – Valençã

O vindeiro luns 25 de xullo dará comezo a cuarta edición do IKFEM, o International Keyboard Festival & Masterclass Eurociudad Tui - Valençã, que desde a súa primeira edición ten como obxectivo promover o intercambio cultural entre estas cidades, hermanadas durante o festival a través da música e mediante unha intensa axenda de eventos musicais e formativos como clases maxistras, workshops e concertos, sendo a familia de instrumentos de teclado a gran protagonista a través dun amplo abanico de estilos musicais.

Nesta edición cabe destacar a conmemoración de dous centenarios moi relevantes no panorama musical iberoamericano: o do falecemento do pianista e compositor catalán Enrique Granados, figura clave na música española, cun relatorio impartido por Miriam Perandones, experta en Granados, Doutora en Musicología e Directora da Cátedra Leonard Cohen na



Universidade de Oviedo; e do nacemento do compositor arxentino Alberto Ginastera na charla-concerto "Viaxe á Arxentina", realizada a cargo do pianista galego Daniel Pereira, un dos músicos españois con maior proxección internacional na actualidade, e gran recoñecemento en Estados Unidos, onde se doutorou en Artes Musicais pola Universidade de Maryland e publicou o libro "Non Sempre Podemos Tocar Valses". "A

miña intención", di Pereira, "é achegar a atractiva e fresca música para piano de Ginastera ao público, ofrecendo comentarios sobre o folclore e cultura arxentinos que tanto lle inspirou".

Este ano o IKFEM tamén conta cun amplo cartel de artistas nacionais e internacionais como Juan de la Rubia, Maurizio Moretti, Abe Rábade, Víctor Prieto, ou Maria Ana Bobone, entre outros, e máis de medio centenar de alumnos procedentes de todas partes do mundo que axudan a converter ao festival nun dos encontros máis interesantes do panorama musical en instrumentos de teclado. Daniel Pereira, que tamén é profesor convidado do festival, sinala que "estas clases son unha oportunidade única de intercambio entre mestres e alumnos e exemplifican o exitoso e crecente intercambio cultural entre Galicia e Portugal." No primeiro acto do festival, teclistas da eurocidade, alumnos da Academia de Música da Fortaleza de Valençã e do Conservatorio de Tui, compartirán espazo na Igrexa de Santo Domingo de Tui o 25 de xullo ás sete e media da tarde (sempre hora española). A gala



de inauguración terá lugar ese día ás dez da noite no auditorio Quinta da Mota en Valençã, co fado ao piano de Maria Ana Bobone.

O martes 26 de xullo Miriam Perandones dará unha charla sobre Enrique Granados ao teclado, ás sete e media no auditorio de seminario de Tui e Maurizio Moretti ofrecerá un recital de piano ás dez da noite na Igrexa de

Santo Domingo.

O 27 haberá un taller de ioga impartido por Vanessa Rodríguez, ás sete e media en Valençã, e a Ensemble de Música Antiga da ESMAE de Porto dará un concerto na igrexa de Santo Estevão de Valençã ás dez da noite.

O 28 ás sete e media Daniel Pereira dará unha charla concerto polo aniversario de Alberto Pereira titulada Viaxe á Arxentina e ás dez da noite Juan de la Rubia amosaranos na Catedral de Tui o órgano segundo Bach.

O 29 desenvolverase o taller infantil "Medievalízate con Alendalúa!" de Irma Fernández e Juan Manuel Vázquez, ás sete e media na igrexa de Santa María dos Anjos de Valençã, e Víctor Prieto, con acordeón en trío, ás sete e media no arquivo de Valençã.

O último día, sábado 30 de xullo, os protagonistas serán os

alumnos do IKFEM, co clave ás doce e media na igrexa de Santa María dos Anjos, co órgano ás sete e media na Catedral de Tui, e co piano, jazz e acordeón na gala de clausura que se celebrará no Teatro de Tui. Finalmente Trastestrío ofrecerá un concerto na praza de San Fernando de Tui ás once da noite no que disfrutaremos do Hammond en trío.



NOVAS DA RAIA

Vila Nova de Cerveira apoia investigación no ámbito do patrimonio cultural

Uma equipa de cinco investigadores da Universidade do Minho encontra-se em Vila Nova de Cerveira, até ao final do mês, para estudar a arte rupestre do concelho, no âmbito do projeto de investigação de pós-doutoramento “Paisagem e representação do poder na Pré-história Recente: Arte Atlântica e Estátuas-Menir”.

O grupo de investigadores é constituído por alunos do Mestrado e Licenciatura em Arqueologia da Universidade do Minho, sob a coordenação do Doutor Manuel Santos Estévez, pós-doutorando da Universidade do Minho, e da Prof.^a Doutora Ana Maria dos Santos Bettencourt, Professora Auxiliar com Agregação da mesma instituição de ensino.

O trabalho consiste na contextualização física e arqueológica do local gravado: na limpeza do afloramento; no estudo técnico e formal das gravuras; no decalque com plástico polivinilo e no seu levantamento fotogramétrico. Serão, igualmente, observadas outras rochas na área, com o intuito de se encontrarem novas gravuras rupestres.

O Município de Vila Nova de Cerveira apoia esta investigação, sublinhando a importância da proteção e valorização do pa-



Gravura rupestre da Chã Longa – Vila Nova de Cerveira

trimónio do concelho, neste caso pré-histórico, através da requalificação e procura de vestígios histórico-arqueológicos. No sentido de dar continuidade à estratégia de promoção de Vila

Nova de Cerveira enquanto polo de turismo cultural, a Câmara Municipal pretende, ainda, a constituição de trilhos e sinalizações que divulguem este legado.

Jovens fazem férias Divertidas em Valença



A Câmara Municipal de Valença está a proporcionar um verão repleto de diversão para as crianças e jovens do concelho. Funkids, Semana do Museu, Semana do Rio, Rio Minho Ativo, Férias na Biblioteca são algumas das atividades que prometem proporcionar um verão inesquecível.

Até 22 de julho decorre o programa de animação FunKids, com atividades para as crianças. Praia, piscina, equitação, cinema e muita aventura, um programa repleto, manhãs e tardes, distribuído por duas semanas.

Entre 25 e 29 de julho é a vez da Semana do Museu proporcionar atividades com história. Com esta iniciativa, a Câmara dá uma oportunidade às crianças, com idades entre os 6 e os 12 anos, de ocuparem as suas férias com diversas atividades lúdico-pedagógicas, orientadas para a sensibilização


da reutilização de materiais e conhecimento do seu património.

Entre 25 e 30 de julho a iniciativa Rio Minho ativo vai oferecer atividades náuticas e de lazer, com canoas e kayaks, na Senhora da Cabeça, Pesqueira dos Frades em Ganfei e Área de Lazer de Friestas.

Na Biblioteca Municipal as “Férias de Verão”, que terminam a 8 de Agosto, proporcionam umas férias com ateliers de manualidades, filmes, horas de conto, sessões de leitura e jogos.

Entre 1 e 6 de Agosto Valença vai oferecer às crianças e jovens a “Semana do Rio”, no parque da Sr.^a da Cabeça, onde poderão desfrutar de trikes, canoas, paintball e insufláveis.

A par de todas estas atividades, a piscina de Boivão está aberta, com acesso grátis, até final de Agosto, entre as 15 e as 20h. Programa-se, também, a abertura ao público da piscina de Sanfins.



O parlamento de Galicia proba por unanimidade a modificación da Ley da Area Metropolitana de Vigo

O Parlamento galego aprobou o 5 de xullo a modificación da Lei da Área Metropolitana de Vigo, a través da que se recoñece a capitalidade da cidade e se recolle a participación desta entidade supramunicipal nos tributos do Estado e da Xunta destinados ás entidades locais.

PP, PSOE, BNG e Grupo Mixto deron o seu voto favorable á aprobación da Lei da Área Metropolitana de Vigo, paso imprescindible para que o próximo outono se constitúan os órganos de goberno da nova institución supramunicipal.

O deputado do Grupo Popular, Javier Dorado, asegurou que "esta lexislatura que está a piques de rematar pasará á historia como a lexislatura de Vigo, xa que non se recorda outra onde esta cidade focalizara de maneira tan evidente a atención da Xunta". Pola súa banda, o socialista Abel Losada lamentou o "retraso de catro anos" provocada pola primeira ley aprobada por Feijóo coa oposición da cidade. Carme Adán (BNG) mostrouse orgullosa de participar como relatora na comisión que elaborou a lei, aínda que lamentou que non

se aceptase a creación dun Consello Cidadán Metropolitano. Pola súa banda, Consuelo Martínez (grupo mixto) declarou igualmente favorable á Área e tamén Xabier Ron (AGE), grupo que decidiu só a última hora sumarse ao consenso, pero que tomou a decisión tras lograr algúns cambios.

Á sesión parlamentaria asistiron varios alcaldes da comarca, entre eles o rexedor de Vigo, Abel Caballero, quen na mañán seguinte fixo unha declaración á prensa nas que amosou a súa "inmensa satisfacción" pola aprobación da reforma da Lei de Area Metropolitana porque "marcará un futuro excepcional nos municipios que a conforman". Lembrou que foi unha "batalla dura e longa" que se gañou cos resultados das pasadas eleccións municipais polo que "felicitou a toda a cidade" por un logro que requiriu moitas reunións previas entre o alcalde e o resto de municipios implicados para chegar a acordos ata "que lles torcimos o pulso", dixo en alusión á Xunta e ao Partido Popular aos que acusou de aprobar hai catro anos unha lei "antidemocrática" que



se parou desde Vigo.

Caballero explicou que os 14 municipios que conforman a Área xa teñen acordado que a primeira decisión que se vai adoptar será a ampliación para incorporar aos dez concellos que xa amosaron este interese enviando unha proposta. Ao mesmo tempo, engadiu o alcalde, haberá que avanzar na

postea en funcionamento do ente supramunicipal para tomar decisións que beneficien aos cidadáns con mellores servizos e conseguir "un proxecto conxunto de avance". Neste punto, referiuse a colectivos como o Clúster do naval ou da automoción que "ven con agrado" esta norma xa que nos permitirá "planificar mellor o

desenvolvemento espacial". Tamén aludiu á vantaxe de que a Área cohesione a 600.000 habitantes así como que sexa fronteira con Portugal. Temos, dixo, unha institución "para un século, que ten máis relevancia da que no seu momento tiveron as provincias porque comparten máis competencias".

Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
TLF: 986640834
Ponteareas (Pontevedra)

FESTA DA ARRANCADA FIRA

MONDARIZ

SÉS

14

AGOSTO

2016

22:30H

BANDA CREBINISKY

BALAKANDRA

+ DJ

PECHANDO A NOITE



PRAZA DE MONDARIZ

